

INFORME MEMORIA

ELABORACIÓN INVENTARIO DO PATRIMONIO MARÍTIMO PESQUEIRO NO ÁMBITO DAS
CONFRARÍAS DE PESCADORES DE MUROS, LIRA, O PINDO, FISTERRA E LAXE

A Coruña, 19 de diciembre de 2008



Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible
c/ Juan de la Cierva, 26 -1º
15008 A CORUÑA
www.fundacionlonxanet.org

INDICE

I. INTRODUCCIÓN.....	4
II. OBXECTIVOS	5
III. METODOLOXÍA.....	6
IV. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO	9
V. CLAVES PARA O ORDENAMENTO DE FICHAS E SISTEMATIZACIÓN DO PATRIMONIO	12
TÁBOA I - FICHA REFERENTE A CULTURA MATERIAL MOBLE	14
TÁBOA II - FICHA REFERENTE A CULTURA MATERIAL INMOBLE	16
TÁBOA III - FICHA REFERENTE Á CULTURA INMATERIAL.	18
VI. LISTAXE DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO VENCELLADO AO MAR E DO PATRIMONIO FLOTANTE NO LITORAL DOS CONCELLOS DE MUROS, CARNOTA, FISTERRA E LAXE	20
VII. VALORACIÓN FINAL. PROPOSTAS, SUXERENCIAS E PERSPECTIVAS DA POSTA EN VALOR DO INVENTARIO	36
VIII. BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA	42
ANEXOS: FICHAS ORDENADAS POR LOCALIDADES (MUROS, LIRA, PINDO, FISTERRA E LAXE	

ELABORACIÓN INVENTARIO DO PATRIMONIO MARÍTIMO PESQUEIRO NO ÁMBITO DAS CONFRARIAS DE PESCADORES DE MUROS, LIRA, O PINDO, FISTERRA E LAXE.

OBXECTIVO DO PROXECTO	Elaboración dun inventario de recursos materiais e inmateriais asociados á cultura marítima e pesqueira con dúas finalidades: a) elaborar produtos “turísticos” b) confeccionar unha base de datos relativos ao patrimonio pesqueiro material e inmaterial das confrarías promotoras do proxecto
AMBITO TERRITORIAL	Entornos costeiros das Confrarías de Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe
ENTIDADE PROMOTORA DO PROXECTO	Asociación “CONFRARIAS DO MAR DO FIN DA TERRA”: Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe
ENTIDADE QUE O LEVA A CABO	Fundación Lonxanet para la Pesca Sostenible
METODOLOXÍA E TÉCNICAS PARA A RECOLLIDA DA INFORMACIÓN	Identificación de bibliografía e webgrafía relativa ao patrimonio pesqueiro e litoral nas zonas de estudo, elaboración de fichas modelo, traballo de campo, identificación de informantes locais, realización das fichas e valoración final do conxunto patrimonial inventariado.
REALIZACIÓN E EXECUCIÓN DO TRABALLO	Dionisio Pereira (historiador).

I. INTRODUCCIÓN

O inventario é a ferramenta principal para a administración e xestión de calquera recurso patrimonial. É indispensable para poder implementar diferentes tipos de accións verbo da conservación e presentación do patrimonio cultural, ambiental e natural dun lugar ou rexión determinada. Construcións, obxectos de calquera índole, espazos, etc e calquera outra manifestación do patrimonio tanto material como inmaterial. Unicamente cando este patrimonio está debidamente identificado e clasificado se poden executar programas sistemáticos planeados para a súa protección e publicitación mediante o emprego de diferentes tipos de soportes en función dos fins que se queren acadar.

Malia que este proceso de identificación e conservación está moi desenvolvido en moitos ámbitos (histórico, artístico, etc.) non o está tanto no ámbito das tradicións e cultura popular. Os bens que ate agora foron patrimonializados son bens sobre todo de tipo monumental, obras de arte, etc e en menor medida aquelas manifestacións da cultura tradicional que adquiriron unha certa relevancia no pasado ou o están a facer arestora desde o punto de vista social.

En cada contexto histórico, ideolóxico, político... se determina qué é, e qué non é, susceptible de transformarse nun ben patrimonial en cada momento. Desde esta perspectiva, propoñemos considerar á pesca un ben cultural máis, susceptible de ser patrimonializado no sentido de poñelo en valor desde unha perspectiva que vaia máis alá do seu valor real, ou sexa, de modo de subsistencia ou produción e que sirva de testemuño para a sociedade futura. Se ben no caso de Galicia este esforzo de recuperación das tradicións da cultura popular está a ser dinamizada desde o Museo do Pobo Galego, faise tamén necesario, en troques, rescatar e achegar este patrimonio ás propias comunidades onde se orixinou e usou a fin de sensibilizalas do valor que posúen e deste xeito poder recuperar, reconstruír e recrear a súa propia historia local. Un camiño que algunhas organizacións de pescadores xa teñen iniciado: Lira, Fisterra, Laxe, Cambados, sen ir máis lonxe.

O concepto de sociedade marítima, tan só se pode aplicar a aquelas comunidades que pola súa localización xeográfica ou o tipo de actividade principal de subsistencia vinculada ao mar, desenvolveron uns coñecementos, unhas relacións sociais e unha forma de ver o mundo características deste vencello.

Convencidos de que o sector pesqueiro conta cun patrimonio cultural propio que debe coidar, protexer e difundir, iniciamos o camiño da recuperación do mesmo no ámbito espacial das confrarías promotoras deste proxecto (Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe) que se uniron para crear unha Asociación denominada "Confrarías do mar do fin da terra". Un camiño que comeza aquí, pero que esta Asociación poderá seguir desenvolvendo mediante a posta en práctica de futuros programas de actualización dos inventarios de bens culturais que aquí se inician.

O patrimonio marítimo pesqueiro fai referencia non só a construcións, embarcacións, instrumentos de pesca, etc, (cultura material en xeral) senón así mesmo técnicas e modalidades de pesca, coñecemento, estratexias para a

súa conservación, relacións sociais, etc. O patrimonio marítimo pesqueiro desde esta perspectiva, debería facer posible respectar a íntima relación entre os ecosistemas mariños, as paisaxes litorais e as formas de traballo e de relación social entre homes e mulleres que os conformaron e que viven neles día a día.

II. OBXECTIVOS

O proxecto que nos ocupa, ten como obxectivo principal a elaboración dun inventario de recursos materiais e inmateriais da cultura marítimo pesqueira identificados no ámbito territorial no que se enmarcan as confrarías de pescadores integrantes da Asociación "Confrarías do Mar do Fin da Terra": Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe. Un inventario ten como misión a identificación, descrición e localización, dun ben cultural como paso previo á protección e a súa difusión.

A elaboración do presente inventario, está condicionada por tres factores fundamentais:

1. por un lado a finalidade que a Asociación pretende dar a este inventario: respecto a este primeiro punto, a Asociación de Confrarías plantexa dous usos: a) orientar o contido do inventario cara aplicacións relacionadas co turismo cultural, é dicir, xerar produtos baseados na diversidade identitaria das comunidades pescadoras locais e que unha vez postos nun soporte de comunicación axeitado, favorezan o interese da poboación en xeral e, b) iniciar con este primeiro traballo un proceso de recuperación de elementos patrimoniais documentados ao obxecto de evitar o seu esquecemento ou perda e posibilitar a súa futura reconstrucción ou revalorización.
2. por outro lado o tempo de duración dispoñible para a realización do inventario devandito. En relación a este punto, comentar que o inventario debe estar realizado e entregado aos seus promotores o 15 de novembro de 2008 como data final, aínda que esta prazo podería prorrogarse lixeiramente para completar a documentación. Esta limitación temporal condiciona o número de elementos patrimoniais susceptibles de ser inventariados.
3. e finalmente, o área sobre a que vai a recollese este patrimonio. Se trata dun área moi ampla que limita, en función dos recursos humanos dispoñibles, a amplitude e volume deste primeiro inventario.

Estes argumentos obrigan a establecer un marco referencial sobre o que centrarse e orientar a recolección e selección de elementos patrimoniais a efectos de inventarialos.

Dous camiños desde a antropoloxía: a) un, xenérico, que se interesa polo estudo dos procesos simbólicos e b) un análise máis específico que se interesa no estudo concreto do patrimonio etnográfico (cultura material e inmaterial como coñecementos, conductas, crenzas,..).

Este traballo se centrará especialmente no segundo destes camiños, ou sexa, a recollida, documentación e sistematización dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais máis característicos de cada unha das zonas de estudo.

III. METODOLOXÍA

Definimos o Patrimonio Marítimo e Pesqueiro como os diferentes modos específicos de existencia material e de organización social, expresados ao longo da historia dos grupos humanos que fan da interacción co mar o seu modo principal de vida e que abranguen a súa cultura material, os seus saberes, a súa representación do mundo e de maneira máis xeral, aqueles elementos que fundamentan a identidade de cada grupo en cada momento da súa historia e lle serven para a súa diferenciación dos outros grupos. Nesta definición queremos escapar dunha visión esencialista e considerar o análise do patrimonio marítimo desde unha perspectiva cultural como algo dinámico e cambiante.

A pesca, como calquera outra manifestación da cultura, pode ser considerada desde as súas tres formas básicas de manifestación.

- a) **Como cultura material:** arquitectura, construcións, artes de pesca, embarcacións, etc no pasado e no presente.
- b) **Como manifestación conductual e de saberes aprendidos e transmitidos.** É dicir, todo aquilo que fan, saben e pensan os pescadores para facer exitosa no tempo a súa actividade productiva.
- c) Como todas as representacións, ideas, imaxes e manifestacións que os pescadores teñen de sí mesmos, da súa actividade, dos demais, do medio mariño... e do mundo (**cosmovisión**).

O patrimonio marítimo e pesqueiro atingue non só á catalogación das construcións, das embarcacións, os instrumentos de pesca ou a cultura material en xeral, senón igualmente ás técnicas de pesca, ao coñecemento do medio mariño, aos modos de organización social e productiva, aos espazos sociais relacionados co lecer ou coas actividades productivas e non productivas, ao propio patrimonio valorado polas mesmas sociedades de pescadores (o que valoran, o que conservan e as estratexias de cómo o fan), así como á cosmovisión, os sistemas de crenza, etc.

Como punto de partida, tomaremos en conta a exhaustiva clasificación das categorías, tipos e subtipos de bens patrimoniais marítimo-pesqueiras que se atopan no artigo "Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual" de Dionisio Pereira (en "Adra", Revista dos socios e socias do Museo do Pobo

Galego, nº 3, ano 2008). Non obstante, debido ao enorme número de tipos e subtipos de bens culturais relacionados, trataremos de centrarnos tanto en aquelas categorías como en aqueles elementos patrimoniais que sexan máis susceptibles de xerar produtos turísticos (arquitectura, embarcacións, espazos de vixilancia e sociabilidade, artes de pesca tradicionais, tradicións, refráns, crenzas, ritos, gastronomía, saberes, etc) e ademais teñan unhas condicións mínimas de accesibilidade, para que poidan ser difundidos desde soportes como museos, deseño e rutas e sendeiros, escenificacións ou recreacións, audiovisuais, exposicións, libros e publicacións, etc.

O levantamento do inventario de bens patrimoniais con obxecto de crear produtos turísticos, comprende **dúas fases de traballo**:

Fase I.- Ordenar e clasificar os lugares, obxectos, acontecementos e outros bens patrimoniais que sexan susceptibles de promover iniciativas asociadas ao turismo activo no espazo xeográfico en cuestión. Proceso que se refire, primeiro á elaboración das respectivas fichas de inventario, e posteriormente á recompilación de información, ordenamento e clasificación dos datos.

Fase II.- Avaliación e xerarquización dos elementos patrimoniais que comprende o proceso de ponderación dos recursos, coa finalidade de determinar o seu grado de importancia. Elaboración dunha memoria técnica, e un Informe-Memoria que realice tanto unha valoración final do inventario como distintas recomendacións a ter en conta.

Unha aproximación ao procedemento a seguir na Fase I consistirá en desenvolver os seguintes puntos:

1.- Definición das categorías, tipos, subtipos e elementos de información a incluír para cada ben patrimonial. Tendo en conta o documento modelo, se formulará un conxunto de táboas que conteñan as indicacións específicas sobre as categorías, tipos e subtipos, o cal servirá para a elaboración das fichas de inventario e o procesamento ordenado da información.

2.- Traballo de Campo- Consiste na identificación “in situ” dos recursos patrimoniais, tipos de medios de acceso e facilidades para o seu recoñecemento, e permitirá a recollida da información necesaria para cumprimentar os datos máis relevantes de cada ben cultural. Levaranse a cabo, asemade, entrevistas necesarias con representantes da comunidade local, coñecedores dos seus recursos. Ademais, nesta etapa é importante apoiarse en todos os medios dispoñibles (vídeos, fotografías, grabacións de entrevistas a informantes, mapas, etc.).

Posteriormente, se procederá a encher as fichas de acordo ao formato plantexado.

3.- Rexistro da Información.- Se realiza cubrindo as fichas, onde se indicará, entre outros aspectos:

- Nome
- Ubicación xeográfica na que se atopa cada ben cultural
- Categoría, tipo e sub-tipo
- Descrición
- Particularidades (non todos os recursos contan con características singulares que o fan único no seu xénero)
- Estado actual
- Relación con outros elementos patrimoniais
- Actividades actuais relacionadas con el ben cultural

4.- Recompilación da Información Secundaria. Inclúe traballo de campo e gabinete, onde se considerarán os datos procedentes dos informantes cualificados, así como o seu análise, as informacións recompiladas, bibliografía existente, fotografías, periódicos, revistas, recursos en rede, e información especializada.

5.- Procesamento da Información recompilada. Pola cantidade de información é preferible o seu procesamento mediante unha base de datos.

Nesta etapa realízase a clasificación e ordenamento dos recursos, de acordo á categoría, tipo e/ou sub tipo, que lle corresponde a cada un. En consecuencia, na medida en que o prazo de tempo dispoñible para o traballo o permita, se confeccionará unha base de datos de fácil manexo, que servirá para o procesamento desta información.

Sempre en función do tempo dispoñible, sempre contar con datos adicionais que nos permitan ter elementos de xuízo suficiente para complementar a información dos bens patrimoniais. Os devanditos datos poden ser extraídos de:

- ✓ Fototeca e/ou Videoteca; onde se ordenan e clasifican as fotografías, vídeos, CDs, e/ou slides de bens patrimoniais.
- ✓ Internet; a partir das páxinas Webs, con información sobre bens patrimoniais que determinados axentes locais difunden por consideralos de interese e valor patrimonial. Por exemplo, a web dun concello pode resaltar determinados bens culturais marítimos pesqueiros.
- ✓ Planoteca; comprende os planos ou mapas de ubicación, de acceso e outros, sinaladamente o visor Six Pac.

Respecto a la Fase II, consistirá en lo seguinte:

Elaboración dunha Memoria técnica e un Informe-Memoria (ver [Capítulo IV](#)): documentos que describen o traballo realizado e constitúen un diagnóstico asociado a unha relación dos bens culturais recompilados no ámbito territorial das confrarías promotoras. Se axuntarán ao devandito informe os mapas correspondentes, fotos e

demais material documental recollido ou conseguido no período de duración do proxecto. Está previsto incorporar unas propostas o suxerencias (ver [capítulo VII](#)) de cómo empregar estes bens culturais inventariados, tendo en conta os obxectivos marcados pola Asociación de Confrarías.

IV. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Habida conta da importante limitación de tempo disponible para o Proxecto (15 de agosto a 15 de Novembro), e tendo en conta tanto as múltiples categorías patrimoniais a considerar segundo os estudos realizados até agora¹, como a Metodoloxía descrita, decidimos centrarnos na cultura material e no patrimonio construído e máis concretamente nas seguintes categorías:

- Faros e sinais marítimas
- Espazos abertos de sociabilidade das comunidades de xentes de mar
- Cruces de afogados e outros monumentos na súa lembranza
- Espazos de vixancia
- Arquitectura relixiosa e funeraria vencellada á identidade da xente de mar
- Pendellos de carpinterías de ribeira
- Muíños de maré e de vento
- Cetáceas e viveiros
- Fábricas de salgazón e de conservas
- Construcións portuarias e do litoral vencelladas á pesca e o cabotaxe
- Arquitectura portuaria
- Outras construcións

A título simplemente informativo, fixemos alusión igualmente a outras categorías do patrimonio construído como son a vivenda e o urbanismo mariñeiro, as arquitecturas adxectivas da vivenda mariñeira, as pesqueiras e os sendeiros do litoral.

Ademáis, atendimos tamén ao patrimonio flotante considerado como mobiliario dentro da cultura material; en concreto:

- Escolma de patrimonio flotante, consistente nunha relación de réplicas de embarcacións tradicionais existentes na zona e dalgúns barcos pesqueiros de interese patrimonial con antigüidade maior a 25 anos.
- Pecios e cemiterios de barcos.
- Maquetas históricas de embarcacións

¹ Pereira, D. "Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual", en "Adra", Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, nº 3, ano 2008. (Ver Bibliografía)

Canto á cultura inmaterial, consideramos así mesmo o refraneiro, o cancionero, os romances, as crenzas, as lendas, a gastronomía, as técnicas, etc. asociadas ás devanditas categorías patrimoniais da cultura material.

Unha vez determinadas as categorías que íamos tomar en consideración, se elaboraron as claves para a súa sistematización (Ver [Capítulo V](#)) e, acto seguido, se confeccionaron tres tipos de fichas: unha para a cultura material no apartado de inmobiliario, outra para a cultura material no apartado de mobiliario e, finalmente, outra para a cultura inmaterial (Ver [Táboa I](#), [Táboa II](#) e [Táboa III](#)). Non obstante, para simplificar o traballo, decidimos non empregar a ficha de inmaterial e incorporar toda a información desta temática nas outras fichas de mobiliario e inmobiliario, de maneira que cada unha delas reflectise e tivese en conta todos os elementos da cultura inmaterial vencellados aos bens patrimoniais inventariados.

Sempre en consonancia coa Metodoloxía descrita para a Fase I do traballo, procedeuse a levar a cabo as seguintes tarefas:

- Traballo de documentación, consistente en localizar e baleirar toda a bibliografía e webgrafía existente sobre as temáticas en cuestión.
- Traballo de campo, consistente na localización, identificación e rexistro en documento gráfico (fotografías) actual dos distintos bens patrimoniais. Un traballo complementado co uso do Visor Six Pac, tanto na localización como na medición dos edificios e outras construcións.
- Localización de informantes cualificados nas distintas localidades visitadas.

O resultado deste labor, preséntase na Relación de Elementos Patrimoniais obxecto de inventario e a Bibliografía empregada (ver Documento adxunto); en total localizouse, identificouse e fotografiouse o seguinte número de elementos patrimoniais:

- Patrimonio flotante, 12
- Pecios e cemiterios de barcos, 6
- Maquetas históricas de embarcacións 1
- Faros e sinais marítimas, 11
- Espazos abertos de sociabilidade das comunidades de xentes de mar, 8
- Cruces de afogados e outros monumentos na súa lembranza, 27
- Espazos de vixiancia, 4
- Arquitectura relixiosa e funeraria, 18
- Pendellos de carpinterías de ribeira, 2
- Muíños de maré e de vento, 5
- Cetáreas e viveiros, 3
- Fábricas de salgazón e de conservas, 41
- Construcións portuarias e do litoral vencelladas á pesca e o cabotaxe, 18
- Arquitectura portuaria, 21
- Outras construcións, 15
- **TOTAL 192**

En paralelo e a continuación, procedeuse a incorporar toda a información bibliográfica, webgráfica, oral e fotográfica nas fichas de cultura material nos apartados mobiliario e inmobiliario, e a recompilar dixitalmente toda a información secundaria que foi aparecendo no transcurso do traballo: fotografías, recursos en rede, revistas, folletos, etc..

As fichas corresponden na práctica totalidade dos casos a bens individualizados; non obstante, no caso das construcións denominadas casetas dos mariñeiros, moi numerosas en Lira (20), Caldebarcos (40), Panchés (7) e Quilmas (23) dentro do Concello de Carnota, así como na praia Langosteira en Fisterra (11), tomamos a resolución de, exclusivamente nestes casos e para cada unha das localidades anteditas, cubrir unha ficha colectiva de todos estes elementos que, por outra parte, presentan unhas características moi semellantes. Como excepción, tan só singularizamos a Caseta-Encascadoiro de Pepe do Cuco, polas especiais funcións que cumpre dentro do Proxecto "Mar de Lira".

No caso da arquitectura relixiosa e funeraria, contemplamos ás Igrexas, Ermidas, Capelas, Cruces e Cemiterios mariños, pero tan só dende o punto de vista do que ten que ver coa identidade das xentes de mar e co patrimonio marítimo e costeiro.

Cabe apuntar que na redacción das fichas, no apartado referido á conexión con outros bens a inventariar, faise referencia a múltiples elementos asociados correspondentes a categorías de cultura material e inmaterial que, polas razóns aludidas ao comezo desta Memoria Técnica, non puidemos ter en conta (por exemplo, artes e trebellos de pesca e marisqueo, saberes, prácticas, instrumentos de navegación, embarcacións, etc.), pero que se explicitan para así facilitar unha posible continuidade do proxecto de inventario, estendido ao resto das categorías que compoñen o patrimonio marítimo e pesqueiro.

A distribución das fichas por localidades é a seguinte:

- Muros 78
- Lira 21 (1 colectiva)
- O Pindo 24 (3 colectivas)
- Fisterra 39 (1 colectiva)
- Laxe 30
- **TOTAL 192**

(ver fichas y CDs adjuntos)

Por último, acompañando á Relación de Elementos Patrimoniais elaborouse un Índice das fichas cumprimentadas, para facilitar a localización inmediata das mesmas.

V. CLAVES PARA O ORDENAMENTO DE FICHAS E SISTEMATIZACIÓN DO PATRIMONIO

CATEGORIAS, TIPOS E SUBTIPOS

CATEGORIA: CULTURA MATERIAL: CM

CULTURA MATERIAL MOBLE: CMM

TIPOS:

- Artes de Pesca e marisqueo

SUBTIPOS:

- o Corconera
- o Raeira
- o Boliche
- o etc
- Utensilios asociados á pesca e marisqueo
- Utillaxes asociados á transformación e produción industrial para o mercado
- Utillaxes asociados á transformación e produción doméstica para o consumo local
- Instrumentos de navegación
- Elementos e útiles de comunicación
- Vestimentas
- Cestería/Tonelería/Cordelería
- Embarcacións de pesca
- Embarcacións de transporte/cabotaxe
- Embarcaciones deportivas e de lecer
- Pecios
- Carpintería de ribeira
- Utillaxe e maquinaria de carpintería de ribeira
- Documentos asociados á actividade pesqueira (derroteiros; libro de marcas; bitácoras, etc)
- Documentos asociados á vida local (escritos; fotos; cartas; etc)
- etc

CULTURA MATERIAL INMOBLE: CMI

TIPOS:

- Asentamientos costeiros e fachadas marítimas
- Arquitectura Industrial
- Arquitectura popular
- Arquitectura relixiosa
- Arquitectura civil
- Outros tipos de construcións
- Espacios sociais (lecer, xogos, etc)
- Espacios económicos e relacionados coa actividade pesqueira/marisqueira
- Outros tipos de espacios
- etc

CATEGORÍA CULTURA INMATERIAL: CI

TIPOS:

- Coñecementos sobre deseño, construción e reparación de artes de pesca
- Coñecementos sobre construción e reparación de embarcacións de pesca/vela/motor/remos, etc
- Coñecementos sobre navegación
- Saberes e Coñecementos sobre pesca
- Coñecementos, prácticas e técnicas de conservación e transporte de peixe
- Modalidades e técnicas de pesca
- Reproducción de produtores (transmisión de saberes)
- Organización a bordo
- Sistemas de reparto
- Sistemas de conservación e protección dos recursos pesqueiros
- Tradición oral
- Folclore
- Festas e celebracións
- Ritos
- Crenzas e mitos (natureza, relixión, sociedade, mundo, etc)
- Fala/voces/expresións/ditos/
- Refrán (mar, tempo, sorte, peixes, etc)
- Asociacionismo de pescadores
- Organizacións de produtores (cooperativas, empresas, etc)
- Artesanato
- Gastronomía,
- etc

Táboa I – Ficha referente a Cultura Material Moble

FICHA RECOPIACIÓN INVENTARIO PATRIMONIO MARÍTIMO PESQUEIRO/MARISQUEIRO ZONA LIRA		FICHA LI01
DATA REALIZACIÓN DA FICHA:		.../.../....
CULTURA MATERIAL		CMLI01
CMM		CMMLI01
TIPO:		
NOME DO BEN CULTURAL:		
Denominación:		
Outras denominacións:		
Foto identificativa (ou outro documento gráfico)		
UBICACIÓN/LOCALIZACIÓN:		
CONCELLO:		
POBOACIÓN DE :		
LUGAR DE:		
DESCRIPCIÓN (datos significativos que detallan as características do ben cultural):		
Tipoloxía:		
Actividade:		
Cronoloxía:		
Medidas:		
Outras referencias:		
ESTADO		
En uso		
Grao de fraxilidade		
Estado de conservación		
Propiedade		
PARTICULARIDADES (Singularidades locais):		

CONEXIÓN A OUTROS BENS CULTURAIS DENTRO DO INVENTARIO

FONTES

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Ficha LI01

Táboa II – Ficha referente a Cultura Material Inmoble

FICHA RECOPIACIÓN INVENTARIO PATRIMONIO MARÍTIMO PESQUEIRO/MARISQUEIRO ZONA LIRA		FICHA LI01
DATA REALIZACIÓN DA FICHA:		.../.../....
CULTURA MATERIAL		CMLI01
CMI		CMILIO1
TIPO:		
NOME DO BEN CULTURAL:		
Denominación:		
Outras denominacións:		
Foto identificativa (ou outro documento gráfico)		
UBICACIÓN/LOCALIZACIÓN:		
CONCELLO:		
POBOACIÓN DE :		
LUGAR DE:		
DESCRIPCIÓN (datos significativos que detallan as características do ben cultural):		
Tipoloxía:		
Actividade/Función:		
Cronoloxía:		
Medidas:		
Outras referencias:		
ESTADO		
En uso		
Grao de fragilidade		
Estado de conservación		
Propiedade		
PARTICULARIDADES (Singularidades locais):		

CONEXIÓN A OUTROS BENS CULTURAIS DENTRO DO INVENTARIO

FONTES

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Ficha LI01

Táboa III – Ficha referente á Cultura Inmaterial.

FICHA RECOPIACIÓN INVENTARIO PATRIMONIO MARÍTIMO PESQUEIRO/MARISQUEIRO ZONA LIRA		Ficha LI01
DATA REALIZACIÓN DA FICHA:		.../.../....
CULTURA INMATERIAL		
CI		CILIO1
TIPO:		
NOME DO BEN CULTURAL:		
Denominación:		
Outras denominacións:		
Breve sinopse:		
Documentación gráfica:		
UBICACIÓN/LOCALIZACIÓN:		
CONCELLO:		
POBOACIÓN DE :		
LUGAR DE:		
DESCRIPCIÓN (datos significativos que detallan as características do ben cultural):		
Tipoloxía:		
Actividade:		
Cronoloxía:		
Outras referencias:		
ESTADO		
En uso		
PARTICULARIDADES (Singularidades locais):		
CONEXIÓN A OUTROS BENS CULTURAI S DENTRO DO INVENTARIO		

FONTES
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS
Ficha LI01

VI. LISTAXE DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO VENCELLADO AO MAR E DO PATRIMONIO FLOTANTE NO LITORAL DOS CONCELLOS DE MUROS, CARNOTA, FISTERRA E LAXE ²

Índice das fichas correspondentes

Escolma patrimonio flotante³

- Canoa (buceta) de Xubimar, Muros, ficha MU02
- Pesqueiro de arrastre "Sidri Robert", Muros, ficha MU01
- Galeón "Joaquín Vieta", Noia/Muros, ficha MU03
- Canoa da Esteirana, Esteiro, Muros, ficha MU04
- Motora artesanal "Playa de Arnela", Muros, ficha MU21
- Réplica de lancha xeiteira "A Canle" (ver caldeirada), Lira, Carnota, ficha LI01
- Motora artesanal "Pillín", Lira, Carnota, ficha LI02
- Motora artesanal "Segundo San Martín", Lira, Carnota, ficha LI03
- Gamelas de Caldebarcos, Panchés, Quilmas e O Pindo, Carnota, ficha OP01
- Pesqueiro artesanal "Maria Rosario", Laxe, ficha LA02
- Réplica de Traíñeira "Mar de Laxe", Laxe, ficha LA01
- Bote de Fisterra, Langosteira-San Carlos, Fisterra, ficha FI01

Pecios e cemiterios de barcos

- Restos da Armada de Martín Padilla, afundida no ano 1596 fronte á Praia de Sardiñeiro de Abaixo, Fisterra, ficha FI02
- Restos dunha nave insignia da Armada Invencible na Pedra do Almirante, Cabo Fisterra, Fisterra, ficha FI03
- Restos do mercante "Carmen", entre Cabo Cee e o Carromeiro Novo, Fisterra/Corcubión, ficha FI04
- Cemiterio dos barcos gregos (e outros) no Carromeiro Novo (ou Chico). Concello de Corcubión/Fisterra, ficha FI05
- Restos do bricbarca inglés "Adelaide", praia de Laxe, Laxe, ficha LA03
- Cemiterio de gamelas, Praia de Quilmas, Carnota, ficha OP02

Maquetas históricas de embarcacións

- Bou de arrastre "Santa Rosa", propiedade do industrial conserveiro muradán Antonio Pérez, embarcación protagonista da fuxida o 26 de xullo

² Inclúe ás Confrarías de Pescadores de Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe.

³ Consideranse tan só as réplicas de embarcacións tradicionais e os barcos orixinais de interese patrimonial con antiguidade maior a 25 anos.

de 1936 de numerosas autoridades republicanas e cidadáns comprometidos coa República, entre elas o mestre esteirán Xosé Tobío Mayo "Conroa", Muros, MU40

Faros e sinais marítimas

- Faro de Punta Ínsua-Lariño, inaugurado en 1921. Edificio de planta e formato rectangular con lixeiro retranqueo no corpo central, rematado por unha torre octogonal. Carnota, ficha LI07
- Sinal de enfilación, Os Mouchos, O Pindo, Carnota, ficha OP03
- Sinal de enfilación, Carromeiro Vello, O Pindo, Carnota, ficha OP04
- Faro de Punta Ínsua-Laxe, inaugurado en 1928. Torre cilíndrica sen edificio anexo, réplica exacta da do Roncudo, Corme. Na cercana Punta da Cruciña están os restos do "Playa da Arnela" (mastro incrustado e restos da ponte; ver historia do naufraxio). Na súa proximidade levouse a cabo unha discutible actuación feita no ano 2005 por parte da Deputación de A Coruña, consistente nun pequeno parque representando un castro. Está incluído nun sendeiro costeiro sinalizado chamado carreiro do Morelo. Laxe, ficha LA04
- Faro do Cabo Fisterra, inaugurado en 1853 (houbo un faro anterior do que non quedan restos), e semáforo colindante datado en 1879 (suponse que o altar do Ara Solis fica baixo as obras do semáforo). Rehabilitado para usos culturais parte do edificio de torreiros e para hostelería o semáforo polo arquitecto César Portela, (ver lenda do naufraxio do "Blas de Lezo" e a súa cantiga e o do "Monitor Captain" e a visita posterior da flota inglesa); nas súas inmediacións está unha placa adicada ao creador dos Pósitos Pescadores Alfredo Saralegui costeada en 1927 por estas entidades, Fisterra, ficha FI15
- Sinal de enfilación, Calafigueira, Fisterra, ficha FI07
- Sinal de enfilación, Punta Sardiñeiro, Sardiñeiro, Fisterra, ficha FI06.
- Faro das Illas Lobeiras (1909), situado na Lobeira Grande, composto por unha torre troncopiramidal e un edificio constituído por tres bloques rectangulares en comunicación e terraza, ten depósitos, peira-embarcadoiro e camiño de servizo. A illa conserva restos moi deteriorados dunha pequena fábrica de salga e nela foron sepultados en sitio descoñecido cinco soldados ingleses a comezos do século XVIII (ver naufraxios, illamento dos fareiros), Concello de Corcubión/Fisterra, ficha FI09.
- Torre baliza de planta cilíndrica do illó do Carromeiro Chico (1907, 1917) (ver cemiterio dos barcos griegos, historia do balizamento), Concello de Corcubión/Fisterra, ficha FI08
- Faro do Monte Louro (1862), edificio rectangular con torre hexagonal, ten unha edificación adxunta en ruínas, Punta do Queixal, Muros, ficha MU05
- Faro de Rebordiño na Punta do Cabo Bombé (1909), pequeno edificio rectangular con torre cilíndrica de fundición de ferro, Muros, ficha MU06.

Espazos abertos de sociabilidade das comunidades de xentes de mar

- Fontevella ou fonte “das mentiras”, situada nunhas rochas do extremo N. praia Carnota, a carón da Caseta Grande, A fonte de dous canos serviu para facer a aguada das embarcacións, emprazada pola Confraría de Pescadores no ano 1944, A Gándara, Caldebarcos, Carnota, ficha OP05
- Pedra dos Enamorados, laxe situada a rentes da Furna da Espuma, na que foron grabando os seu nome moitos habitantes de Laxe no Día dos Defuntos dende hai un par de séculos, carreiro do Morelo entre Punta da Ínsua ate a Ínsua de Morelo, pasando pola Enseada Baleeira, Laxe, ficha LA05
- Pavillón de Remo, construído en 2005, antigo varadoiro das lanchas propiedade das fábricas e antigo lugar de sociabilidade da xente de mar, antes relacionada coa pesca, hoxe a través do deporte, os valados de pedra teñen varios machos das antigas fábricas de salga de Portals, Esteiro, Muros, ficha MU08
- Pedra de David, posta das xábegas (chamdas na contorna “artón”), entre a praia de Somorto e Sestebadiña, Esteiro, Muros, ficha MU07
- Balcón da Cerca e Casa de Vilas, (ver fotografías ano 1929 e actualidade), A Ribeira, Fisterra, ficha FI10
- “Pedras Santas”, pedras abaladoiras no cume do Monte do Facho (ver lenda aparición da Virxe, ritos de fecundidade), perto semella que está a Casa do Facho: restos do facho e vivenda dos vixías, no Monte do Facho, sec. XVII (difícil localización), Fisterra, ficha FI14
- Restos da ermida de San Guillerme, saqueada polos franceses no século XVI e desfeita pola xerarquía eclesiástica no século XVII, conxunto arqueolóxico declarado BIC en 1985 e excavado no ano 2007, sarcófago antropomorfo do sec. VII chamado cama de San Guillerme (ver lenda fecundidade), peregrinación xacobeá, Monte de San Guillerme, Fisterra, ficha FI12
- Praia de Sardiñeiro de Abaixo, parladoiro de mariñeiros veteranos, entre altos muros, hórreos e ramplas con gamelas, Sardiñeiro, Fisterra, ficha FI11

Cruces de afogados e outros monumentos na súa lembranza

- Cruz de cemento en Punta Ínsua-Laxe a carón do faro, que conmemora a morte naquel lugar do percebeiro José Bacia Pose, no ano 1978, Laxe, ficha LA06
- Cruz de cemento erixida en 1972 na lembranza do naufraxio do “Playa de Arnela”, a carón está a casa dun suposto eremita, Punta da Cruciña, Laxe, ficha LA07
- Cruz na lembranza dun percebeiro que se despeñou na Furna do Caghastal, Laxe, ficha LA08
- Cruz moderna, ten menos de coarenta anos, que conmemora a morte dun mariñeiro de Laxe, de cemento cun pé antigo, enriba da Enseada Baleeira, Laxe, ficha LA09

- Cruz de cemento chamada de “Rosa dos ovos”, na Punta das Pías ou Punta da Cruz de Rosa, na pedra do Meán e a carón do Porto dos Carros, conmemora a morte naquel lugar dun percebeiro “fillo da Rosa dos ovos” natural de Mórdomo, no ano 1913, (ver tamén lenda do naufraxio do “Chamois”), Traba, Laxe, ficha LA11
- Cruz de pedra chamada “da Rosa”, no lugar do Caramiñal, pedra do Cabezo do Medio, perto da anterior, no comezo da praia de Traba a 100 metros das casas de Mórdomo, en lembranza dun raquero “o fillo de Rosa” arrastrado polo mar naquel lugar no ano 1930, Traba, Laxe, ficha LA10
- 2 cruces na Punta do Pichón e na Punta Cabalo, fronte a Laxe pero xa no Concello de Cabana, que conmemoran a morte de 2 percebeiros no ano 1983 e no ano 1950, respectivamente, Cabana/Laxe, ficha LA12
- Cruz de Salsas, o topónimo conmemora a morte dunha muller alí afogada, praia de Cons, Lira, Carnota, ficha LI13
- Cruz erixida no Seixiño da Cruz (desfeita), Lira, Carnota, ficha LI14
- Cruz da Parrandera, conmemora a morte no ano 1950 dunha muller que viña de Cee para Carnota nunha riada (desfeita), río de Louredo, interior da marisma de Caldebarcos, Carnota, ficha OP06
- A Cruz de Víctor “o de Beluso”, situada detrás da planta de acuicultura no lugar de Samuralla, lembra o naufraxio e a morte de dous mariñeiros que pescaban nas illas Lobeiras a comezos dos anos 50, Lira, Carnota, ficha LI04
- Cruz de pedra na banda dereita da estrada de Lariño, pasado o faro e á altura dos baixos de Arca, lembra o naufraxio e a morte de tres mariñeiros no ano 1966 (desfeita), Lariño, Carnota, ficha LI05.
- Monumento ao salvamento do “Ariete”, componse de tres elementos: gran áncora de ferro, pedra fita grabada e pedra fita, sinalizado ao abeiro do proxecto “Mar de Lira”, dentro dun dos roteiros, (ver lenda do “Ariete”) praia de Ardeleiro, Lira, Carnota, ficha LI06.
- Cruz en Punta Lens, Acoradoiro, perto do complexo vacacional, conmemora a morte dun pescador, Pepe “da pedra”, arrastrado polo mar naquel lugar en 1960, Louro, Muros, ficha MU09
- Cruz no lugar de Portocarral nunha encrucillada das estradas Louro-Fisterra e Louro-Faro de Louro, lembra o naufraxio da lancha da sardiña “Mazeiras” de Muros, sete náufragos, 1920, Louro, Muros, ficha MU10
- Cruz na estrada Muros-Fisterra km. 6, perto da lagoa de Louro, lembra a morte dun dos mariñeiros da lancha “Mazeiras” chamado Francisco Bouzas, ano 1920, Louro, Muros, ficha MU11
- Cruz ao lado dereito da estrada Muros-Fisterra, perto da lagoa, lembrando a morte dun mariñeiro chamado Manuel Lariño afogado na praia de Louro en 1950, Louro, Muros, ficha MU12
- Cruz nun rochedo na aba occidental de Montelouro da que so queda o buraco onde estaba fincada, lembra a María Caamaño que foi arrastrada polo mar naquel lugar cando collía mexilóns no ano 1926, Louro, Muros, ficha MU13

- Cruz grabada nunha pedra na estrada do Faro de Louro, conmemora a morte dun mariñeiro que traballaba alí no ano 1940 (difícil localización), Louro, Muros, ficha MU14
- Pedra fita cunha inscrición en memoria de Ito Formoso Vidal emprazada no nadal de 2004, Punta Queixal, Louro, Muros, ficha MU15
- Cruz á altura da Punta Bouga, emprazada na estrada Muros-Louro na banda dereita a 800 mts. do mar, conmemora a morte do mariñeiro Manuel Lamela que caeu dunha lancha da sardiña de Muros, 1889, Muros, ficha MU16
- Cruz ao remate do Paseo de Bombé, datada en 1951, ten unha inscrición "Sálvanos Señor que perecemos", Muros, ficha MU17
- Cruz da Ponte da Braña, na Abelleira, á dereita da estrada indo para Muros, lembra o asasinato dun mariñeiro tras unha discusión sobre as "partillas" do barco, ano 1953 (desfeita), Muros, ficha MU18
- Cruz na Illa de Santa Catalina, Punta Bornalle, na lembranza do mariñeiro Anxo Lestón Formoso afogado nas Laxes do Sur en 1984, Muros, ficha MU19
- Cruz na lembranza de todos os afogados na contorna, Cabo Fisterra, Fisterra, ficha FI16
- "Cruz da Costa da Morte", erixida no ano 1997 na lembranza das viúvas do mar, Cabo Fisterra, Fisterra, ficha FI17
- Cruz do Queimadoiro, erixida en lembranza dos pelegríns que queiman alí as roupas ao remate da rota xacobeá, Cabo Fisterra, Fisterra, ficha FI18

Espazos de vixancia ⁴

- Atalaia de Laxe, Igrexa de Santa María, tivo batería no século XVIII ate mediados do século XIX. Nada que faga lembrar hoxendía A Atalaia dos tempos da caza da balea e da posterior batería, agás o topónimo da desaparecida Furna da Garita e a presenza de mariñeiros xubilados ollando o mar, Laxe, ficha LA13
- Castelo de San Carlos, construído en 1767, antiga batería, desmantelado polos franceses en 1809, doado polo médico Francisco Esmorís Recamán á Confraría de Pescadores en 1963, hoxe rehabilitado como Centro de Interpretación da cultura marítima da zona, Fisterra, ficha FI19
- Casa do Facho, restos do século XVII-XVIII, Monte do Cabo, Fisterra, ficha FI20
- Forte de Monte Louro (topónimo Pico da Garita, hoxe inexistente; ver lenda do forte de Drake e piratas moriscos; tamén lenda do Profundo; ver refraneiro), Muros, ficha MU20

⁴ Inclúense atalaias, fachos, baterías...

Arquitectura relixiosa e funeraria 5

- Lugar do enterramento dos náufragos do “Adelaide” (1850), cotillón do Monte do Cabo da Area, onde hoxe hai unha pequena urbanización, (ver lenda do “Adelaide”), Laxe, ficha LA14
- Enterramento da dona e o fillo do capitán do Adelaide (1850), nunha finca colindante coa igrexa da Atalaia, (ver lenda do “Adelaide”), Laxe, ficha LA15
- Igrexa de Santa María da Atalaia, gótico mariñeiro con cruceiro, dous exvotos mariñeiros, no seu muro de contención (no que antes batía o mar) ten unha placa metálica costeada pola “Sociedad del Ayuntamiento de Lage” en Bos Aires e datada o 25-6-1956 na que se lle dan as gracias a Franco polas obras do porto, Laxe, ficha LA16
- Ermida de Santa Rosa de Lima (1941, ten dous exvotos recuperados polo maquetista Antonio Bello Romero) e Cruz do Navegante, emprazada no ano 1676, Monte Cornaceiras (ver lenda e poema de Antón Zapata García), Laxe, ficha LA17
- Enterramento de seis náufragos do buque “Kenmore” (1904) encallado nos baixos do centro da praia de Traba (ver lenda do “Kenmore”), soterrados nas fincas próximas ao cemiterio de Traba, Traba, Laxe, ficha LA18
- Ermida dos Remedios, 1706, ten tres exvotos mariñeiros e restos do “Ariete”, (ver lenda), Os Miñarzos-Lira, Carnota, ficha LI08
- Cemiterio de Lira (tumbas con cunchas. Fotografía de Maribel Longueira). Carnota, ficha LI09
- Cemiterio de Santiago de Tal (tumbas de nenos con cunchas. Fotografía José V. Caruncho), Muros, ficha MU22
- Santuario da Virxe do Camiño, gótico sec. XIV-XV, imaxe da Virxe que veu polo mar (ver lenda), ten tres interesantes exvotos mariñeiros bidimensionais (sec. XVIII) e un tridimensional, vencellado ao Gremio do Mar e ao Camiño de Santiago por mar, tivo leprosería adosada, A Xesta, Muros, ficha MU23
- Igrexa Parroquial de San Pedro, antes Colexiata de Sta. M^a. do Campo, gótica, construída polo Gremio dos Mareantes, imaxe do Santo Cristo da Agonía que chegou por mar (ver lenda), Muros, ficha MU24
- Capela da Nosa Señora do Carme, ten un exvoto mariñeiro, Virxe atribuída a Ferreiro, procesión e bendición do mar, Muros, ficha MU25
- Capela de San Marcos, no Muíño do Vento, (ver rito de virar a tella), Muros, ficha MU26
- Capela dos Remedios ou de Santa Isabel, ten un exvoto mariñeiro, Muros, ficha MU27
- Restos de senllas capelas nos illós de Santa Catalina e Santo Antón, na illa da Creba tamén houbo pero edificouse enriba (ver lenda piratas moriscos e

⁵ Igrexas, Ermidas, Capelas e Cemiterios mariños. Considerase tan só o que ten que ver co patrimonio marítimo.

saúdo dos mariñeiros), conservándose a imaxe da Virxe nunha casa de Uía, Muros, ficha MU28

- Igrexa de Santa María das Areas, monumento declarado BIC, séc. XII-XV gótico mariñeiro, (campás fundidas para canóns polo pirata Harry Paye no século XIV), cruceiro gótico, Santo Cristo da Barba Dourada que veu polo mar (ver lenda e refraneiro), celebración e romería do Domingo de Pascua e Danza das Areas ou das Espadas, peregrinación xacobeá, Fisterra, ficha FI21
- Capela barroca do Bo Suceso, feita polo cura de Duio Mateo Pérez no ano 1743, de advocación mariñeira, restaurada en 1921 polo párroco Domingo Miñones, Fisterra, ficha FI22
- Cruz de Baixar, século XVI, ofrendas de cunchas, San Roque, Praia Langosteira, Fisterra, ficha FI23
- Cemiterio novo, grandes cubos abertos ao mar, realizado polo arquitecto César Portela no ano 2000 e sen inaugurar, Cabo Fisterra, Fisterra, ficha FI24

Carpinterías de ribeira

- Carpintería de Manuel Freire Mayo "O Charango", (acceso camiño de carro inaccesible. Fotografía José V. Caruncho), Conserva obradoiro, pendello de pedra e madeira e rampla. No seu entorno, un caseto, esteos de pedra enriba das rochas e muros de contención de pedra para que a terra non invada a praia. O Salgueiro, Tal de Abaixo, Muros, ficha MU29
- Obradoiro de Manuel Ramos Mesías "Manolo do Rei", conserva reloxo de sol, perto da actual Avda. de Cesáreo Pondal, Praia de Laxe, Laxe, ficha LA19

Muíños de maré e de vento

- Acea (Muíño das Mareas) do Agro das Mareas, Pozo do Cachón, feito arredor de 1835 con 6 moas, unha parte do edificio foi casa de baños con algas, deixou de traballar nos anos 30 e foi restaurado en 1990 como centro de interpretación dos muíños, propiedade municipal, Anido-Serres, Muros, ficha MU30
- Muíño de vento do Casuco na Punta Sampedraño, Santa Catalina, fronte á illa na que hai un castro sen excavar e restos dunha capela, construído en torno a 1890 deixou de traballar en 1920, reconstruída a torre a fins dos anos 90. Arrodeado dunha plataforma de pedra, algúns o identifican coa torre dun facho, Espiñeiro, Tal de Abaixo, Muros, MU31.
- Muíño de vento no monte Cornaceiras, data de 1923-1925 (ver fotografías de J. Vidal), feito por Manuel Ramos Mesías, conservanse plataforma, torre e pezas das engranaxes, deixou de traballar en 1935, Laxe, ficha LA20
- Muíños de Cabana de Frexufe (é de Cabana de Bergantiños administrativamente, pero está no linde e os de Laxe os consideran seus e Antón Zapata citaos), son tres emprazados no regato que desemboca na

Enseada dos Muíños, dous deles están cubertos de silvas e son inaccesibeis, pero o terceiro, que está a rentes do mar e ten acceso marítimo, está en pé aínda que lle roubaron as pedras de moer, Laxe/Cabana, ficha LA21

- Restos dun muíño de vento perto do Faro de Lariño a rentes do mar, feito en 1890, de uso comunal, deixou de traballar arredor de 1925, circundado por valo de pedra, Punta da Ínsua, Carnota, ficha LI10

Cetáreas e viveiros

- Cetárea, conserva edificio e pequeno malecón semi desfeito, rampla de acceso dende a estrada Muros-Cee e restos dunha rampla no mar, Paseo de Bombé, Muros, ficha MU32
- Cetárea de lagosta de "Segundo" en Punta Rebordelo-Portocubelo (existía anos 30, cos píos ao descuberto), hoxe edificada con bloque e rexentada pola empresa "Curropesca", Lira, Carnota, ficha LI11
- Cetárea de "Maruja da mestra", edificada primeiro en pedra e logo utilizouse bloques, máis nova que a anterior, situada en Tras da Punta a carón da Lonxa de Portocubelo, Portocubelo, Carnota, ficha LI12

Outras construcións

- Casa do Pósito de Pescadores, ano 1923, antes foi fábrica de salgazón, A Ribeira, Fisterra, ficha FI25
- Restos do edificio da Estación Radiotelegráfica "Marconi" construída en 1913 e inactiva dende os anos 40, no seu interior dícese que naceu o editor e escritor Alejandro Campos Ramírez "Alejandro Finisterre" pois o pai estaba destinado alí, actualmente só quedan as paredes dentro do recinto de Telefónica e posiblemente sexan derrubados en breve, perto estaría un dolmen ou arca chamado a tumba de Orcavella (ver lenda rito de fecundidade), Monte do Facho, Fisterra, ficha FI13
- Casa do Pósito de Pescadores (anterior á Guerra Civil) de O Pindo, Carnota, ficha OP07
- Valos de pedra para peches de fincas, Porto de Negros-Quilmas- Panchés-Os Mouchos, O Pindo, Carnota, ficha OP08
- Valos de pedra no Porto dos Susiños, Lira, Carnota, ficha LI13
- Valos de pedra das veigas a rentes do mar, Enseada da Baleeira-Furna da Espuma-Penón do Castro-Praia de Soesto-camiño de Mórdomo ao Porto dos Carros, Laxe, ficha LA22
- Restos da fábrica de caolín (cheminea, monte de residuos, torre do funicular...) na praia e perto da gasoleira, Laxe, ficha LA23
- Pasos excavados na rocha para acceso das furnas onde se amoreaba o argazo, na Furna da Baleeira e na Praia dos Robalos (Enseada da Besugueira, cantada polo poeta Antón Zapata García), Laxe, ficha LA24
- A Casa da Sociedade de Esteiro, foi sede da Asociación Agrícola, Benéfica, Instructiva, Cooperativa e Recreativa "Protección Social Esteirana" de ideario republicano e socialista; se ben formalmente foi unha entidade

agrarista tamén foi impulsora da formación técnica e defensa dos traballadores e traballadoras do mar. Os seus afiliados eran coñecidos popularmente como "OS Canedos". Actualmente de titularidade e xestión municipal, sede da biblioteca municipal, da Asociación de Veciños e Veciñas "Parameán" e da Asociación Cultural "O Xeito". Esteiro, Muros, ficha MU33

- O Centro Médico de Esteiro construído aproveitando parte do edificio da que fora sede da Escola de Orientación Marítima do Pósito de Pescadores de Esteiro, ao fronte da que estivo nos anos 30 exercendo a docencia Xosé Tobío Mayo "Conroa" (Esteiro, 1891-1971), coñecido pola súa obra publicada tanto no ámbito da poesía como da novela e o ensaio. Esteiro, Muros, ficha MU34
- Pasais de A Salina, Esteiro, Muros, ficha MU35
- Muros de contención en pedra na desembocadura do Río Maior, A Salina, Esteiro, Muros, ficha MU36
- Muros de contención en pedra da Ribeira do Creo, Esteiro, Muros, ficha MU37
- Fonte da Praia do Espadanal ou Seixidre, Louro, Muros, ficha MU38
- Muros de contención e valos de pedra das fincas na liña de costa, Enseada de Venancio, Anido, Muros, ficha MU39

Fábricas de salgazón e de conservas

- Almacén de Casais en As Besugueiras-Fontevella, conserva restos da estrutura interior e foi estada ou secadoiro de congro; ten rambla e vivenda adxunta, nas inmediacións dous pequenos puntos de atracada. No seu entorno 6 casetos en rehabilitación pola Consellería de Vivenda, outros dous derruídos e outros tres de menor interese. Construído por fomentadores cataláns no século XIX, (ver lenda do naufraxio do "George C"), Caldebarcos, Carnota, OP09
- Restos dun pequeno almacén en Insuela construído por cataláns, a comezos de século xa inactivo traballou alí un carpinteiro de ribeira, Panchés, Carnota, OP10
- Almacén da familia Del Sel de Muros (antes doutros cataláns) con rampla e peirao moi desfeito; conserva parte da estrutura interior con machos e lagares, traballou ate fins dos anos 40, alí chegaban lanchas do xeito a descargar sardiña e galeóns a cargar tabais de peixe salgado que transportaban as mulleres, restos dos machos na rampla, moitos dos machos arrincáronse e serviron de mortos para fondear os barcos, Porto de Quilmas, O Pindo, Carnota, OP11
- Almacén da familia Del Sel, conserva só as fachadas da vivenda e fábrica, deixou de traballar logo da Guerra Civil, Porto de Quilmas, O Pindo. Carnota, OP12.
- Almacén, conserva fachada de vivenda, patio e algún resto da estrutura interior, Porto de Quilmas, O Pindo, Carnota, OP13

- Almacén convertido en depuradora, conserva vivenda, Porto de Quilmas, O Pindo, Carnota, OP14
- Almacén rehabilitado para vivenda, conserva pequeno muro de contención, Porto de Quilmas, O Pindo, Carnota, OP15
- Restos dun antigo almacén no porto, agora reconvertido en vivenda, O Pindo, Carnota, OP16
- Restos do almacén do Fornelo, con rampla, conserva píos, Os Mouchos, O Pindo, Carnota, OP17
- Almacén en Portocubelo, conserva muros e restos da estrutura interior, así como parte do dique de contención reutilizado para paseo marítimo. Construído por fomentadores cataláns no século XIX. Ao seu carón, fábrica de conservas igoalmente en ruínas, Lira, Carnota, LI16
- Almacén na Atalaia, convertido en restaurante “Tira do Cordel”, conserva estrutura rectangular e unha pequena rampla, tamén foi tribuna, praia Langosteira, Fisterra, FI26
- Restos dunha fábrica de salgazón en Calafigueira, convertida en vertedoiro, só quedan os muros exteriores, Fisterra, FI27
- Almacén do fomentador catalán Sagristá na rúa Patres, construído arredor de 1820 no bairro de San Roque, logo do médico Francisco Esmorís Recamán e actualmente dos seus descendentes, conserva estrutura rectangular, rampa recentemente adoquinada e dique de contención de pedra, tamén hai unha fonte nas súas proximidades (ver lenda do naufraxio do barco “Jean Tenant”) Punta do Almacén, Fisterra, FI28
- Antigo almacén de salgazón hoxe convertido en supermercado “Froiz”, conserva columnas de pedra e muros reutilizados, A Ribeira, Fisterra, FI29
- Fábrica de conservas e de salga (utilizaba fusos de ferro como método de prensado) de Andrés Cerdeiras Castro, reconvertida en merendeiro, conserva vivenda, alfolí, muros, muro de contención e dúas ramplas (unha rehabilitada, outra desfeita) onde tamén descargaban veleiros de cabotaxe e se exportaba madeira malia a Pedra da Eira, que fica no medio, e a penas permite o paso de barcos de certa envergadura (ver lenda do naufraxio do cargueiro francés “Emilie”), As Eiras, Sardiñeiro de Abaixo, Fisterra, FI30
- Píos de salga familiares con método de conservación autóctono (ver sardiñas afumadas e salmoira), “Casa Vilela”, Muros, MU41
- Fábrica de conservas de Joaquín Vieta Ros (máis tarde do seu fillo Salvador), conserva dúas ramplas, unha delas desfeita, e casa habitación (mide 103 mts. de fachada e 15 mts. de ancho) construída en 1909, foi utilizada como campo de concentración de máis de 300 prisioneiros asturianos, santanderinos, vascos, madrileños e galegos durante a Guerra Civil (agosto 1937- febreiro 1938) cando xa estaba inactiva, conservando unha garita na rampla (pola que ingresaban por mar os prisioneiros) e ventás enreixadas polas que a veciñanza de Muros pasaba aos presos mantas, pan e comida, os presos estaban vixiados no interior por soldados Regimiento de Infantería “Zamora” nº 9 con base na Coruña e por fora por carabineiros e gardas civís; tivo como barco de servizo entre 1916 e 1928 o galeón “Joaquín Vieta” actualmente en rehabilitación nun asteleiro de O

Freixo, en 1970 foi vendida por Salvador Vieta Roura ao veciño de Carnota Daniel Rodríguez que seguiu utilizándoa como fábrica de conservas ate hai pouco; na actualidade foi comprada pola Demarcación de Costas do Estado, Paseo de Bombé, Cabo da Vila, Muros, MU42

- Vivenda do almacén de Portals, conserva algo da estrutura da fábrica na parte posterior, e restos dunha rampla practicamente desfeita, tamén hai algún macho espaxado pola beiramar, O Castelo, Muros, MU43
- Restos de unha fábrica de conservas e outra de salgazón pegadas unha á outra no paseo de Bombé, de Antonio Pérez "Carraspello", só queda a fachada e o interior en ruínas, tamén rampla desfeita con algún macho espaxado entre as rochas, Cabo da Vila, Muros, MU44
- Antiga fábrica convertida no restaurante O Bodegón, ¿de Rego?, ¿de Goday?, Porta da Vila, Muros, MU45
- Fábrica de salgazón con peirao, posteriormente reconvertida en fábrica de conservas, de Antonio del Sel. Adquirida polo Concello para museo e centro de actividades náuticas. Obras a comezar en breve. Muros, MU46
- Fábrica de conservas e escabeches de Abelardo Romaní, a carón da Ponte dos Muíños (ver escabeches), segundo outros informantes foi casa dos muiñeiros construída cando o muiño de Cachón, conserva malecón, rampla e ten incorporada unha garita de canteiría, Anido, Muros, MU47
- Fábrica de salgazón de Abelardo e Félix Romaní, Enseada de Venancio, praia da Rocha, actualmente restaurante "Casa Anido", conserva malecón, peirao con 2 ramplas e distribución interior de patio, chanca e morto, no morto a técnica é de fusos de ferro e madeira, conserva algúns píos; ao seu carón está unha fábrica de conservas do mesmo dono co seu malecón. Tamén serviu de campo de concentración de presos asturianos, vascos, madrileños e galegos en tránsito entre agosto de 1937 e febreiro de 1938 cando estaba inactiva albergando máis de 500 presos, estes construíron o camiño que vai da estrada xeral de O Baño ate a fábrica, nela estaban vixiados por soldados do Regimiento de Infantería "Zamora" nº 9 mentres carabineiros e gardas civís patrullaban polo exterior, Anido, Muros, MU48
- Almacén de Venancio e Félix Romaní, anteriormente de Font, conserva rampla e malecón, Enseada de Venancio, Serres, Muros, MU49
- Restos da fachada da fábrica de conservas dos Romaní (nunca chegou a funcionar) con malecón e rampla, Serres, Muros, MU50
- Almacén de Pablo Roura Paz, rehabilitado nos anos 80 para vivenda, conserva dique e rampla, fronte ao illó de Santo Antón, Laxeiras-Serres, Muros, MU51
- Fábrica de salgazón de "O Coxo", conserva rampla, malecón e estrutura exterior, Sorribos-Abelleira, Muros, MU52
- Fábrica de salgazón de Pablo Roura Paz, conserva estrutura interior con morto, chanca, patio e fachada, tamén dique de contención na praia, vivenda separada e porto privado (ver porto e dársena de Cabanas), O Areal-Insuela, Tal de Abaixo, Muros, MU53
- Fábrica de salgazón do século XIX e posteriormente de conservas de Legarda (foi a primeira que se transformou en Esteiro), ten vivenda dos

donos, do encargado e taller mecánico, pombal, 2 ramplas ben conservadas e malecón, deixou de traballar hai 50 anos e está ruínosa, por dentro conserva píos de cemento, ate 2005 foi sede da Asociación Deportiva Esteirana de Remo, Somorto-Esteiro (a carón da fábrica de Calvo), Muros, MU54

- Fábrica de salgazón de Carreró, máis antiga que a de Legarda, reconvertida despois da guerra en fábrica de conservas, deixando de traballar hai 40 anos, agora transformada en planta de acuicultura conserva malecón, está fronte á anterior, Somorto-Esteiro, Muros, MU55
- Fábrica de salgazón de Portals máis coñecida por “fábrica de Don Adelino”, logo de conservas e recentemente depuradora, reconstruída con pedra da fábrica antiga, hoxe abandonada; tivo tamén carpintería de ribeira, Ribeira do Creio, Esteiro, Muros, MU56
- Casa de fomentadores na Ribeira do Creio, conserva rampla actualmente de uso portuario, Esteiro, Muros, MU57
- Vivenda da desaparecida fábrica de salga de Portals, con capela e cruceiro, conserva campá de chamada ás lanchas, e restos dos muros; tivo a comezos do século XX 2 galeóns de servizo, xunto con 50 lanchas do xeito e unha traíñeira, Ribeira de Maio, Esteiro, Muros, MU58
- Almacén da familia Portals, na praia de Acoradoiro, só parte da vivenda, patio moi reconvertido e unha grande rampla conservada a medias; transformado a fins dos anos 40 nun complexo vacacional (o “Centro de Vacacións Acoradoiro”) composto de camping, hotel e varios apartamentos, Louro, Muros, MU59
- Almacén na praia de Acoradoiro convertido a fins dos 40 en cetárea, conserva só a vivenda e unha rampla moi reformada e deteriorada, Louro, Muros, MU60
- Fábrica de salgazón de Joaquín Vieta Ros, anteriormente de Venancio Portals, (a máis próxima ao faro de Monte Louro), conserva vivenda, parte do patio, rampla, muro de contención, embarcadoiro, restos de machos e caseto adxunto; pechada a comezos dos anos 50 e reconvertida en “Apartamentos Rey”, Fogareiro- Louro, Muros, MU61
- Fábrica de salgazón (¿arrendada polo vasco Emeterio Goyenechea a comezos do século XX?) no camiño ao Faro do Monte Louro, praia de Fogareiro, convertida en merendeiro “O Fogareiro”, conserva rampla medio desfeita e muro de contención que chega ate a fábrica de Vieta, pechada a comezos dos anos 50, Poza da Salsa, Louro, Muros, MU62
- Fábrica de salgazón de Juan Goday Gual e posteriormente do seu fillo Enrique Goday Goday, conserva estrutura con vivenda e patio en relativo bo estado, tamén malecón con espléndida rampla-espigón chamada “rampla de Goday” e outra pequena rampla (¿tamén garita de defensa na praia?), deixou de traballar en 1936, segue a ser da familia Goday, Praia de Goday, Louro, Muros, MU63
- Almacén de Abelardo Romani, praia de San Francisco, durante a Iª Guerra Mundial funcionou como estaleiro e nel se botaron 2 pailebotes de Enrique Goday, pechado a comezos dos 50, convertido en restaurante “O

Caldeirón" aínda que respectada a súa estrutura, conserva rampla rehabilitada e algún macho no valo exterior, Louro, Muros, MU64

- Restos dos muros dunha fábrica de salga no recinto do camping situado na praia da Bouga, Louro, Muros, MU65
- Restos dun muro da Fábrica de Francisco Conlledo, xunto ao Colexio Preescolar, Avenida Cesáreo Pondal, e restos doutro muro da fábrica de Aguiar, Avda. Rosalía de Castro, Laxe, LA25

Vivenda e urbanismo mariñeiro

- Muros (ver De Llano, 1983; Bas 2002; Caamaño, 2003), Louro (sobrelumes característicos; Bas, 2002; casas terreas de mariñeiros)
- Fisterra (ver De Llano, 1983)
- Laxe (ver Caamaño, 2003; conservanse cando menos dúas casas con patín ou potín).

Costrucións adxectivas da vivenda mariñeira ⁶

- Lira-Carnota (hórreo tipo Fisterra da rectoral de Santa María, hórreo tipo Fisterra da rectoral de Santa Comba de Carnota; ver Caamaño, 2003).
- Agrupamento de 22 hórreos tipo "Noia" (Bas; 2002 e Caamaño; 2003), deturpado por construcións modernas entre o conxunto, Bornalle-Abelleira, Muros.

Construcións portuarias e do litoral vencelladas á pesca e o cabotaxe ⁷

- 23 Casetos, algúns foron vivendas moi humildes (ver casa terrea, De Llano; 1983) e hoxe sirven para gardar trebellos dos pescadores ou foron rehabilitados para vivenda, no Porto de Quilmas. Tamén lugar de mantemento das gamelas de maneira tradicional (carenado e calafateado con piche, estopa, brea...) e cemiterio de gamelas, con numerosos restos restos de trebellos tal que poutadas, rodos, carretes, etc.... Alí rodouse a película "A mariñeira de Quilmas". Fixarse en baixorelevos de temas mariñeiros nas contras dos casetos. O Pindo, Carnota, OP18 (colectiva)
- Casetas de Caldebarcos enriba das rochas (40 catalogadas pola Consellería de Vivenda, entre eles A Caseta Grande; outra a rentes dela ten unha pequena rampla), 6 delas do lugar de Fontevella están sendo restauradas pola Consellería de Vivenda e téntase dar protección urbanística ao conxunto, o resto emprazados na Gándara ou na praia de Caldebarcos, moitas delas reformadas para vivenda ocasional, presenza de gamelas e botes de fasquía tradicional, Punta de Caldebarcos, O Pindo, Carnota, OP19 (colectiva)

⁶ Tendais, secadoiros, loxes, hórreos....

⁷ Almacéns, lonxas, chabolos-casetos-choios, tribunas-encascadoiros,

- 7 Casetos (algún ben conservado) en Insuela-Panchés, O Pindo, Carnota, OP20 (colectiva)
- Restos dun caseto a carón do almacén do Fornelo, Os Mouchos, O Pindo, Carnota, OP21
- Pequeno caseto pintado de branco no porto, O Pindo, Carnota, OP22
- 19 Casetas Portocubelo, moitas delas do sec. XIX, algunhas rehabilitadas como vivenda e outras utilizadas como tribuna, unha delas conserva pío de encascadoiro, Lira, Carnota, LI17 (colectiva)
- Caseta Encascadoiro de “Pepe do Cuco”, salvada pola iniciativa “Mar de Lira” como Centro de Interpretación da Pesca, LI18
- Caseta na Praia de Mar de Lira, Lira, Carnota, LI19
- Caseta do Sal, tamén chamada Caseta de Portela, comezos do sec. XX, depósito onde descargaban os galeóns que transportaban sal; en ruínas, conserva dúas estancias, Boca do Río de Louredo, Carnota, LI20
- Caseto na praia da Bouga, ten arredor varios valos de contención parcialmente desfeitos pola EDAR, Louro, Muros, MU66
- ¿Restos de antigos chabolos de mariñeiros na parte occidental de Montelouro, Muros?.
- Restos de casetos na praia de Seixal, contigua ao portiño de Cabana, Tal de Abaixo, Muros, MU67
- Tribuna, só conserva estrutura exterior, Sorribos-Abelleira, Muros, MU68
- 11 Chabolos ou choios, comezo da praia Langosteira, Fisterra, FI31 (colectiva)
- 3 Chabolos ou choios (tellado de cemento, deteriorado), Calcoba, praia da Serra, Fisterra, FI32
- 2 Chabolos ou choios, Porto de Sardiñeiro de Abaixo, Fisterra, FI33
- 2 Chabolos no porto de Fisterra, Fisterra, FI34
- 2 Casetos, un deles rehabilitado, moi antigos, Praia do Arnado, Laxe, LA26
- Almacén do sal, na rúa Rosalía de Castro (en torno ao nº 40), antes servido por barcos do Levante, agora por camións; segue a pertencer á familia López, Laxe, LA27

Arquitectura portuaria 8

- Malecón, pequeno embarcadoiro e rampla (parcialmente formigonada, substitúe ao varadoiro da Cerca, desaparecido), anos 60, Paseo da Ribeira, Fisterra, FI35
- Embarcadoiro e pequeno peirao de San Carlos, o único que existía antes de 1950, A Ribeira, Fisterra, FI36
- Porto de abrigo con espigón, varadoiro actualmente formigonado, e rampla-embarcadoiro, todo elo construído entre 1950 e 1955 (ver lenda da súa construción con Franco), Fisterra, FI37

⁸ Ramplas, varadoiros, embarcadoiros, peiraos, malecóns, espigóns, dársenas, etc.

- Resto do porto de Fisterra (zona da Lonxa, edificio moderno), con embarcadoiros e rampla, construído despois dos anos 60, Fisterra, FI38
- 2 ramplas (unha formigonada) para varada de gamelas construídas enriba das rochas; altos muros de peches de fincas en pedra, tres hórreos tipo Fisterra e dous chabolos, todo elo conforma un espazo de sociabilidade a cuberto dos ventos, Porto de Sardiñeiro de Abaixo, Fisterra, FI39
- Punto de atracada, con 2 dársenas, espigón ruinoso e 2 peiraos, un deles moi deteriorado, que contan con diversos puntos de embarque; feitos de grandes perpiaños; fondeadeiro de numerosas bucatas e chalanas tradicionais; forma conxunto coa salgazón de Roura. Existe tamén un pequeno malecón nas inmediacións; construído por fomentadores cataláns sec. XIX, Cabanas-Insuela, Tal de Abaixo, Muros, MU69
- Varadoiro e espigón cuberto de piche, cemiterio das lanchas xeiteiras na década dos 50 e 60, cataláns sec. XIX, Anido, Muros, MU70
- Peirao-Malecón, porto de Muros, Muros, MU71
- Peiraos e dársena, con dúas ramplas, construídos a fins da primeira década do século XX, porto de refuxio de Muros xa declarado no ano 1880 (lembrar o naufraxio do cruceiro "Cardenal Cisneros"), Muros, MU72
- 2 pequenas ramplas no Paseo da Porteliña, perto do muíño de marés de Anido, ¿pertencían a unha fábrica de salga, agora deturpada por edificios novos?, Muros, MU73
- Peirao da Ribeira do Creo, ten rampla dunha antiga fábrica de salga, Esteiro, Muros, MU74
- 3 Ramplas e 1 embarcadoiro, de nova construción en cachotería, paseo de A Salina, Esteiro, Muros, MU75
- 1 rampla de nova construción en cachotería e un embarcadoiro en canteiría adosados á ponte sobre o Río Maior, Esteiro, Muros, MU76
- 3 ramplas no Areal, parque do Artón, de nova construción en cachotería, Esteiro, Muros, MU77
- Rampla e peirao en Alabarcos, Ribeira do Creo, Esteiro, Muros, MU78
- Rampla vella, construída a fins dos anos 60 (ver lenda do "Ariete"), Portocubelo, Lira, Carnota, LI21
- Peirao de canteiría, con varadoiro de perpiaño e restos dun espigón (lembrar refraneiro de O Pedregal), O Pindo, Carnota, OP23
- Malecón da estrada a Cee con rampla, O Pindo, Carnota, OP24
- Rampa desfeita na baixa de mar do ano 2007 na Enseada Baleeira (antigo fondeadeiro de gamelas adicadas ao marisqueo e pesca con nasas e tramallos), accesos restaurados, está situada a carón do Fondeadeiro dos Cristais, Laxe, LA28
- Furados na rocha, e restos dun guinche para sacar pedras de seixo, entre a Enseada da Baleeira e a Furna da Espuma, no lugar chamado Pichón da Gaivota, nun posíbel fondeadeiro en augas calmas, Laxe, LA29
- Pequeno embarcadoiro natural do Arnado, onde varaban lanchas para cargar a madeira dos serradoiros de Traba e transportar-la aos pataches; na contorna hai unha fonte, Praia do Arnado, Laxe, LA30

Pesqueiras 9

- ¿Camboa do río de Louredo, nas Pedras Camboas, Caldebarcos, Carnota?

Sendeiros/Roteiros

- Sendeiro entre Laxe e Muros implementado pola Consellería de Medio Ambiente (consultar a súa efectiva realización).
- Calzada romana entre Esteiro e Muros pola beiramar, fronte a Illa da Creba, Muros.
- Rota da salgazón, Esteiro-Tal, Muros (ver Blog "Singradura da Relinga", Asociación Cultural "O Xeito", Grupo de Cultura Mariñeira, Esteiro).
- Sendeiro do Monte Louro (salgazóns, restos capela Santa Catalina, faro, praia de Area Maior, ¿restos de chabolos?, cortes de ovellas, restos arqueolóxicos, O Profundo de Monte Louro, lagoa de Xalfas, avistamento de aves, refraneiro e tradición oral ...)
- Rede de sendeiros de Laxe (ver www.laxe.net : carreiro de Morelo-Monte das Cornaceiras-Vila e Porto de Laxe).
- Rotas do Proxecto "Mar de Lira" (ver www.mardelira.net). Destacar o "Sendeiro Solidario" en Porto Susiños, rehabilitado tras o episodio do "Prestige", con placa conmemorativa.
- Rotas do Proxecto "Pescando no Solpor", Fisterra (ver www.xornalg Galicia.es ; tamén declaración do Cabo Fisterra como selo do Patrimonio Europeo en www.celtiberia.net).
- Sendeiro arredor de Os Mouchos, valos de pedra ate o mar, furnas, fábrica de salga do Fornelo, restos de un caseto, O Pindo, Carnota.

En xeral, propónse a sinalización da parte máis singular da toponimia costeira relacionada nestes sendeiros ou roteiros; nalgúns puntos concretos, pódese empregar o romanceiro, o cancionero popular ou poemas de creadores literarios vencellados a estas zonas: eis, Antón Zapata-Miro Villar (Laxe), Francisco Fernández Naval (Carnota), Álvaro de las Casas-Luis Rei Núñez- Xosé Agrelo Hermo (Muros), Marilar Aleixandre (Louro), Xosé Tobío Mayo "Conroa" (Esteiro), Gonzalo López Abente-Alexandre Nerium-Modesto Fraga (Fisterra).....A sinalización poderíase facer en laxes de pedra do país grabadas, ao estilo de Quiberón (Bretaña) ou Os Susiños-Lira.

⁹ Topónimo Comboa ou Camboa: pequenas enseadas ou lagoas costeiras empregadas para coller peixes pechando a saída ao mar con redes.

VII. VALORACIÓN FINAL. PROPOSTAS, SUXERENCIAS E PERSPECTIVAS DA POSTA EN VALOR DO INVENTARIO

Até de agora se considerou o patrimonio costeiro como un elemento identitario de primeira orde, que non podemos perder sen menoscabo da nosa condición como pobo. Non obstante, e sen esquecer o devandito, compre consideralo asemade como un recurso socioeconómico que compre desenvolver localmente, co obxectivo de crear emprego e novas fontes de riqueza no espazo da beiramar. En calquera dos ámbitos sinalados, o enfoque non pode ser outro que a consideración social, a conservación e a activación dos elementos patrimoniais de interese como soporte de novos produtos turísticos, algo que noutros territorios (Gran Bretaña, Países Baixos, Escandinavia, EEUU, Francia en menor medida,...) teñen acometido dende hai ben tempo.

Conxuntos patrimoniais

Á hora da ponderación dos diversos bens inventariados neste Proxecto nos espazos territoriais correspondentes ás cinco entidades que compoñen a Asociación "Confrarías do Mar do Fin da Terra", compre valorizar de xeito prioritario aos conxuntos formados pola concentración de elementos patrimoniais, decote interrelacionados de seu. Así, podemos salienta os seguintes conxuntos patrimoniais de especial interese:

* **Caldebarcos (O Pindo)**, definido pola aglomeración de casetas de pescadores, mais tamén por unha grande fábrica de salgazón e antigo secadoiro de congro e polvo, rampas entre as rochas, embarcadiros naturais, espazos de sociabilidade, embarcacións tradicionais (gamelas), etc. sen esquecer a tradición oral existente, as prácticas tradicionais de mantemento das embarcacións, e as historias de naufraxios abundantes naquel litoral. Existe por parte da Consellería de Vivenda o proxecto de elaborar un Plano de Especial Protección do patrimonio litoral en cuestión, que debería contemplar os elementos devanditos no deseño dunha estratexia de desenvolvemento sostible na zona.

* **Panchés (O Pindo)**, de características semellantes a Caldebarcos, se ben con menor densidade patrimonial; conta a maiores, non obstante, cuns interesantes valos de pedra de separación das fincas ate a beiramar e un espazo de praia, onde a varada e baixada das gamelas características da zona segue a ser unha actividade cotiá e singular ao tempo.

* **Porto de Quilmas (O Pindo)**, espazo no que están emprazadas varias antigas fábricas de salga, múltiples casetas e valos de pedra, en torno a unha praia que serve de fondeadeiro a un feixe de embarcacións de interese patrimonial (gamelas, botes, etc.), que se varan e amarran de xeito singular e se conservan con métodos tradicionais. O lugar serve, asemade, de cemiterio tanto de embarcacións como de útiles e aparellos de pesca e marisqueo e

atesoura lendas que o identifican coas antigas invasións normandas.

* **Portocubelo (Lira)**, pequeno porto de pesca cuxas beiradas están inzadas de casetas de pescadores, algunhas das cais serviron de tribuna-encascadoiro, caso da de Pepe do Cuco, recuperada como Centro de Interpretación da Pesca local polo Proxecto "Mar de Lira" e onde a simbiose entre as actividades agrarias e as do mar fica de manifesto. Conta, tamén, con algunhas cruces de afogados na contorna, con restos de varias fábricas de salga e conservas e dúas cetáreas como lembranza da desaparecida pesca da lagosta, nun entorno urbanístico pouco coidado. No porto propiamente dito, existe unha ampla e interesante rampa-varadoiro e algunhas embarcacións a ter en conta nun futuro inventario do patrimonio flotante, adxudicándolles novos usos vencellados ao turismo cultural. Sería interesante a reposición das cruces de afogados esnaquizadas e a posible recuperación para demostración de actividades e oficios (e olores) case que desaparecidos (encascar velas e aparellos; confección e impermeabilización de roupas e calzado de augas; confección de liñas e nasas, preparación do carenado etc.) dalgunha caseta de pescadores que aínda conserve a súa configuración interior (pías de encascado, por exemplo) como tribuna.

* **Cabo Fisterra (Fisterra)**, futuro gran parque cultural de musealización aberta planeado pola Consellería de Cultura que conta co selo de Patrimonio Europeo, no que os elementos patrimoniais máis recoñecidos (faro-semáforo, Pedras Santas, ermida de San Guillerme, igrexa da Nosa Sra. das Areas...) non deberían escurecer a consideración e integración na devandita proposta turístico-cultural doutros elementos menos chamativos, como poden ser as diversas cruces existentes, a identificación da Casa do Facho, os restos da estación Marconi, o cemiterio de César Portela, as placas da praza da República Arxentina, as múltiples lendas vencelladas á fertilidade e ao culto do Ara Solis, o refraneiro e o cancionero, as historias de naufraxios, etc.....

* **A Ribeira de Fisterra**, onde o Castelo de San Carlos, na actualidade Museo da Pesca, exerce de referente sobranceiro, mais podería estar ben acompañado cunha sinxela musealización das ramplas e embarcadoiros da contorna, substitutivos do vello varadoiro da Cerca, cuxo Balcón xunto coa Casa de Vilas foron espazo singular de sociabilidade das xentes de Fisterra, que compre recuperar e sinalizar. Na ocupación identitaria deste espazo singular, debemos considerar así mesmo tanto as historias de naufraxios como as lembranzas da esforzada práctica da varada das lanchas, os edificios emblemáticos como o do Pósito de Pescadores (testemuña do roteiro asociativo dos pescadores fisterráns, que tivo tamén outros exemplos neste espazo ribeirán) ou restos de fábricas de salga, xunto cos exemplos da vivenda mariñeira que aínda agroman naquel bairro. Como complemento, se podería contemplar a recuperación mediante unha réplica dun tradicional bote de Fisterra semellante ao que se conserva xa sen posibilidades de navegar no Castelo, para fondealo na enseada perto do embarcadoiro de San Carlos.

* **Praia da Langosteira-Bairro San Roque de Fisterra**, os choios dos pescadores da praia, onde se conservan restos de embarcacións de interese patrimonial propias daquela zona (os botes de Fisterra), teñen continuidade con dúas

fábricas de salga e restos dunha terceira, dúas pequenas ramplas, a fermosa Cruz de Baixar, o sinal de enfilación de Calafigueira e algún exemplo de casa terrea, a máis humilde vivenda mariñeira. Tamén neste espazo, podemos botar man das historias de naufraxios, das vellas técnicas de navegación, das lendas e da tradición oral.

* **Monte da Insua (Laxe)**, é un espazo definido polo acantilado e a humanización que del se ten producido ao longo do tempo, deixando un patrimonio moi humilde pero repleto de lembranzas e sensacións: faro da Ínsua, cruces de afogados, a casa do eremita Zapata, pequenas ramplas, furnas nas que se pañaba o argazo para secalo nas cañeiras, a Pedra dos Enamorados como fé de vida grabada na rocha dos veciños de Laxe, restos da explotación da pedra do seixo nas propias rochas, a singular praia dos Cristais de contradictoria beleza producida polo lixo urbano, o carreiro de Morelo, circundado por valos de pedra que chegan ate a beiramar,...e as terribles historias dos naufraxios, cuxos restos (o do “Playa de Arnela”, por exemplo) aínda se poden contemplar.

* **Punto de atracada de Cabanas-Tal de Abaixo (Muros)**, conxunto representativo da infraestrutura industrial e portuaria creada polos fomentadores cataláns no noso país durante os séculos XVIII e XIX: fábrica de salgazón, vivenda, espigón, peiraos, embarcadoiros, dársenas e pequenos malecóns, humanizan un fondeadeiro natural e unha praia onde as buquetas, botes, gamelas e pequenas motoras continúan a realizar unha pesca e marisqueo con aparellos artesanais e son conservadas con técnicas tradicionais. Todo, nun entorno natural e paisaxístico de excepción.

* **Insuela de Sorribos-Abelleira (Muros)**, antigo lugar de descarga da sardiña procedente das lanchas do xeito e dos racús a motor, para abastecer unha pequena fábrica de salgazón da que se conserva a estrutura exterior, o malecón, a rampa, unha tribuna e o antigo serradoiro onde se facían os tabais para estibar o peixe. O conxunto completase cun cemiterio de embarcacións na Insuela e uns muíños no regato que alí desemboca, como símbolo da complementariedade das faenas agrarias e pesqueiras.

* **Anido-Ponte dos Muíños (Muros)**, excepcional conxunto que ten como referentes a Ponte e o Muíño das Marés, dunha banda, e a infraestrutura industrial e portuaria implementada polos fomentadores cataláns nos séculos XVIII-XIX, doutra. Esta infraestrutura está representada por varias fábricas de salgazón, escabeches e conservas en relativo bo estado; espigón, ramplas-varadoiros, embarcadoiros, malecóns e diques de contención, construídos na boa canteiría do país. Conservase, tamén, a memoria do devalar das industrias alí instaladas, das actividades alí desenvolvidas (baños de algas, por exemplo), das penurias que aqueles edificios albergaron (campo de concentración), os arrecendos da gastronomía case esquecida (escabeches e afumados), a presenza de embarcacións tradicionais nos seus varadoiros (onde se realizan as labores de mantemento) e puntos de atraque, e as faenas das mariscadoras de a pé no devalar das mareas. É, pois, un punto de encontro das xentes de mar emprazado nunha contorna patrimonial excepcional, que ben puidera ser obxecto dunha discreta musealización, identificando e sinalizando os elementos patrimoniais sobranceiros.

* **Porto de Muros**, arquitectura portuaria da segunda década do século XX, construída coa espléndida pedra do país sobre un malecón decimonónico, do que aínda quedan restos: peiraos, dársena, ramplas, malecón, embarcadoiros, peitoril...Na súa contorna, os soportais que singularizan a vivenda mariñeira muradana, as antigas explotacións familiares de salgazón, as fábricas de salga edificadas polos fomentadores cataláns, conformando no seu conxunto un singular espazo de sociabilidade, malia a invasión do automóbil. E tamén neste espazo podemos botar man da gastronomía propia, do refraneiro, do cancionero, das historias de naufraxios que deron sona e aprecio á vila de Muros e, se cadra, de certas embarcacións de interese patrimonial que teñen alí o seu porto base.

* **Praia de San Francisco-Faro de Monte Louro (Muros)**, a sucesión de enseadas e fondeadoiros naturais conserva cadanseu establecemento de salgazón, edificado polos fomentadores cataláns: o dos Romaní en San Francisco; o de Goday na praia que leva o seu nome; o do vasco Goyenechea na Poza da Salsa; o dos Vieta no Fogareiro. Ao seu servizo, espigóns, ramplas, malecóns, embarcadoiros aproveitando a disposición natural ds rochas,..., todo elo en mellor ou peor estado, igual que as fábricas. No camiño ao faro, a paisaxe endurecese e, ao seu carón, as lembranzas da mala morte sinalizadas polas cruces de afogados e presentes na tradición oral. Nun dos cumes do Monte Louro, tamén ben representado nas marcas de pesca, no refraneiro, no cancionero, nas lendas e nas historias de piratas, aínda fican restos da batería e da ermida da Magdalena. Cabería a posibilidade de instalar un pequeno Centro de Interpretación na edificación adxunta ao Faro de Louro, actualmente en ruínas.

* **Ancoradoiro (Muros)**, antigo fondeadeiro ben abrigado contra os ventos do nordés, alí fican os restos de dúas fábricas de salga, unha delas da familia Portals, un rústico varadoiro, unha rampa e tamén unha cetárea que só descubre coa marea baixa, testemuña das desaparecidas pescas da lagosta. O conxunto, deturpado por un complexo vacacional, está enfeitizado por valos de pedra ate a praia e unha cruz de afogados na fermosa paraxe de Punta Lens, fronte á praia de Area Maior.

Roteiros

Os conxuntos devanditos, son espazos moi acaídos para inspirar rotas ou recuperar sendeiros que poidan facer visible este patrimonio costeiro e dar lugar a produtos susceptibles de ser ofertados localmente nun turismo de carácter cultural.

Sen querer ser exhaustivos, velaí unha relación de roteiros, algúns deles xa operativos en distintas iniciativas, que poderíamos contemplar coa devandita finalidade:

- Sendeiro entre Laxe e Muros, proxectado pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

- Calzada romana entre Esteiro e Muros pola beiramar, fronte a Illa da Creba, Muros.
- Rota da salgazón (Ribeira de Creio, Ribeira de Maio, Somorto, Pedra do David, Cabanas), Esteiro-Tal de Abaixo, Muros.
- Rota Cabanas-Abelleira (porto de Cabanas, praia do Seixal, restos de casetos e valos de pedra, muíño de vento de Santa Catalina, restos de capela e cruz de afogados no illó de Santa Catalina, pendello do Salgueiral, hórreos de Bornalle, fábrica de salga, malecón, tribuna e muíño de Sorribos), Muros.
- Rota da Ponte dos Muíños-Anido-Laxeiras (muíño de maré, ponte, fábricas de salga, varadoiros, espigón, ramplas, malecóns, valos das fincas na enseada de Venancio...), Muros.
- Rota das crenzas a través das capelas e igrexas de identidade mariñeira da vila de Muros (Virxe do Camiño-exvotos e lendas; parroquial de San Pedro-Gremio de Mareantes e lendas; capela do Carme-exvoto, procesión e bendición do mar; capela de San Marcos-rito de virar a tella; capela dos Remedios-exvoto...), Muros.
- Sendeiro do Monte Louro (salgazóns, restos da capela da Magdalena, faro, cruces de afogados, praia de Area Maior, restos de chabolos, cortes de ovellas, restos arqueolóxicos, O Profundo de Monte Louro, lagoa de Xalfas, avistamento de aves, toponimia, refraneiro e tradición oral, lendas ...), Muros.
- Rota das cruces de afogados entre Esteiro e Acoradoiro. O Concello de Muros ten o maior número de cruces de afogados de toda Galicia, aínda que algunhas están destruídas e compe a súa reposición pois cada unha atesoura unha historia que contar.
- Rede de sendeiros de Laxe (ver www.laxe.net: Faro da Insua-Carreiro de Morelo-Monte das Cornaceiras-Vila e Porto de Laxe; Traba-Camelle), xa existente, pero cumpriría ocupar en maior medida o espazo aportando maior información, utilización ou valoración dos bens inventariados (pasos das furnas, cañeiras, cruces de afogados, restos do naufraxio do "Adelaide", atalaia, traíñeira "Mar de Laxe",...).
- Rotas do Proxecto "Pescando no Solpor", Fisterra (ver www.xornalgalicia.es); en activo a rota do porto e proxectadas as de Cabo Fisterra. De calquera maneira, sería interesante incorporar e integrar o conxunto de bens inventariados no espazo en cuestión neste último caso.
- Rota Langosteira-bairro de San Roque (casetos de pescadores, fábricas de salgazón, embarcacións tradicionais na praia, Cruz de Baixar, Camiño de Santiago, vivenda mariñeira, sinal de enfilación), Fisterra.
- Rota de A Ribeira, (Museo e embarcadoiro de San Carlos, vivenda mariñeira, restos fábricas de salga, Pósito de Pescadores, Balcón da

Cerca, Casa de Vilas, ramplas, embarcadoiros, embarcacións tradicionais, tradición oral, ...), Fisterra.

- Rotas do Proxecto "Mar de Lira" (ver www.mardelira.net), xa existentes, pero que conviría complementar cunha maior utilización dalgúns dos bens inventariados, caso por exemplo da lancha xeiteira "A Canle" (ou dalgunha motora cuxa fasquía estea a extinguir), das cruces de afogados, das tumbas adornadas con cunchas no cemiterio, dalgunha outra caseta-tribuna, ou das cetáreas como lembranza da pesca da lagosta. Destacar igualmente o "Sendeiro Solidario" en Porto Susiños, rehabilitado tras o episodio do "Prestige", e que conta con placa conmemorativa.
- Camiño a Serres, dende Carnota ou dende o Castro de Mallou, empedrado en varios traxectos; antigo camiño para levar peixe a Muros.
- Sendeiro arredor da península de Os Mouchos na localidade de O Pindo (porto de O Pindo de pedra rosada, furnas, valos de pedra ate o mar, fábrica de salga do Fornelo, restos dun caseto, sinal de enfilación, antigos sistemas de navegación, edificio do Pósito de Pescadores...).
- Rota Caldebarcos-Fontevella-As Besugueiras, a través das rochas atravesando as casetas de pescadores, Caseta Grande, "fonte das mentiras", ate a fábrica de salga-secadoiro de Casais coa súa rampla e os seus embarcadoiros naturais; as gamelas, os seus útiles, o seu mantemento e as súbidas e baixadas nas rampas e na praia, tamén deben ter o seu protagonismo, xunto coa historia dos naufraxios e a tradición oral dos distintos oficios relacionados co mar.

Para todos estes roteiros, en xeral, poderíase propoñer a sinalización daqueles elementos máis singulares da toponimia costeira relacionada con estes sendeiros ou roteiros, baseándonos nos traballos xa existentes nos diversos territorios; ademáis, nalgúns puntos concretos de especial significado, empregaríase o romanceiro, o cancionero popular ou poemas de creadores literarios vencellados a estas zonas: eis, Antón Zapata-Miro Villar (Laxe), Francisco Fernández Naval (Carnota), Álvaro de las Casas-Luis Rei Núñez- Xosé Agrelo Hermo (Muros), Marilar Aleixandre (Louro), Xosé Tobío Mayo "Conroa" (Esteiro), Gonzalo López Abente-Alexandre Nerium-Modesto Fraga (Fisterra)....A sinalización poderíase facer en laxes de pedra do país grabadas, tal como acontece na Côte Sauvage de Quiberón (Bretaña) ou no monumento ao "Ariete" na praia de Ardeleiro (Lira).

Rotas marítimas

Por último, tamén sería interesante contemplar a realización de rotas marítimas, de maneira que se puidese observar o patrimonio litoral dende o mar. Poderíase deste xeito, dar conta "in situ" da historia dos naufraxios;

localizar os pecios e os cemiterios de barcos; aprender as funcións dos sinais de enfilación, dos faros e do resto de sinais marítimos; visualizar as actividades da pesca e, nas recaladas, efectuar roteiros en terra que tivesen o patrimonio litoral como soporte e a gastronomía local do mar como complemento indispensable.

Os portos de Muros, Lira, O Pindo, Fisterra e Laxe, son acaídos para este tipo de actividades, e paraxes como Esteiro, Cabanas, Anido, Louro, Lariño, Caldebarcos, Panchés, Porto de Quilmas, Os Mouchos, O Pedregal, Sardiñeiro, o Cabo Fisterra, O Cabo da Nave, os areais de Traba e Soesto e os Montes da Insua e As Cornaceiras, cobran unha nova dimensión dende o mar. Tamén os baixos como Os Meixidos ou Os Miñarzos, e illós como os de A Creba, Santa Catalina, Santo Antón, os dous Carromeiros, As Lobeiras, Os Bois de Gures, O Centulo de Fisterra ou Ataín, atesouran múltiples historias e lendas, que no mar acadan toda a súa autenticidade. Ademais, a realización destas rotas en embarcacións de interese patrimonial, nas que as viaxes marítimas adquiren un significado especial e un “plus” de autenticidade, permiten coñecer e disfrutar en maior medida do patrimonio, tanto o construído en terra como o flotante. Na zona, contaremos con algunha embarcación, caso do galeón “Joaquín Vieta” (¿o arrastreiro “Sidri Robert”?), para levar a cabo estas iniciativas, e senón poderíase botar man de pequenas empresas de turismo náutico armadoras de navíos que teñen esta condición: eis o vapor “Hidria II” ou o pailebote “Nieves”, que ademais foi construído no ano 1919 nunha carpintería de ribeira da Ría de Muros e Noia.

Coda

Para finalizar, unha posible continuidade deste proxecto podería completar o inventario nalgúns apartados que non foi posible acometer por falta material de tempo, tal que a vivenda mariñeira e as construcións adxectivas da mesma, no que atingue ao patrimonio construído, a categoría do patrimonio mobiliario na súa integridade, ou a realización dun conxunto de entrevistas en profundidade que enriquezcan tanto esta última categoría como o universo da cultura inmaterial que, así mesmo, compre sistematizar nun apartado propio.

Unha vez completado o inventario do patrimonio litoral na súa totalidade, sería de moita utilidade para a xestión deste patrimonio nas distintas iniciativas locais, situar o conxunto de elementos nun entorno GIS, facilitando desta maneira a súa utilización por parte das Confrarías no artellamento de rotas, sendeiros e outro tipo de produtos susceptibles de contribuír á diversificación das fontes de riqueza das xentes do mar destes territorios.

VIII. BIBLIOGRAFÍA EMPREGADA

- AA.VV. “Bordes de mar en Galicia”, COAG, 2006.
- AAVV, “Carnota, guía de itinerarios”, Concello de Carnota, 1994.
- AAVV, “O Mar da Memoria”, Xunta de Galicia, Santiago, 1991.

- Alberto Ansola Fernández, "Una pesca feliz: a propósito de Alfredo Saralegui y sus Pósitos de Pescadores (1915-1936)", VIII Congreso de la Asociación Española de Historia Económica, 13-16 de septiembre de 2005.
- Alfonso González Asenjo, "A Sociedade La Protección Social Esteirana. Algunhas consideracións sobre as súas orixes e obxectivos iniciais", en "Barbantía" Anuario de Estudos do Barbanza, Ano 2007, nº3, Boiro.
- Álvaro de las Casas, "Pra un canzoneiro de Noia", Revista Nós, nºs 94, 15/10/1931, 95, 15/11/1931 e 100, 15/4/1932, Ourense.
- Antón Zapata García, "A Roseira da Soidade. Poesías Galegas", Edición facsímile, Introducción Miro Villar, Ed. Xerais, Vigo, 2004.
- Antonio García Fernández "Construccións marítimas da nosa primeira industrialización. Da salga á conserva", Revista de Cultura Marítima *Ardentía*, nº 3, Cambados, 2006.
- Arturo Romaní, "Unha industria salgadeira catalana en Galicia. Orixe, apoxeo e ocaso", Consellería de Pesca, Santiago, 1997.
- Arturo Romaní, "La pesca de bajura en Galicia", Ed. do Castro, Sada, 1981.
- Arturo Romaní, "A revolución tecnolóxica na industria salgadeira de Galicia", Unipro Editorial, Pontevedra, 1991.
- Begoña Bas, "As construcións populares: un tema de etnografía en Galicia", Ed. do Castro, Sada, 1983.
- Begoña Bas, "Muíños de marés e de vento en Galicia", Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1990.
- Carme Hermida (compilación), "Polo mar abaixo vai...Cantigas populares sobre o mar", Edicións Positivas, Santiago, 2003.
- Clodio González Pérez, "O refraneiro do mar", Ed. do Castro, Sada, 1993.
- Colexio Público de Castrelo-Cambados, "O traballo no mar", Xunta de Galicia, 1990.
- Concha Bello Romero, "Laxe mirando al mar. Guía turística del municipio", A Coruña, 1999.
- Confraría de Pescadores de Lira, "Os nomes do noso mar", Consellería de Pesca, Santiago, 2008.
- Confraría de Pescadores de Lira, "Ruta do Porto. Guía", s.d.
- Confraría de Pescadores de Lira, "O Salvamento do Ariete", Sementeira, Noia, 2006.
- Confraría de Pescadores Nosa Señora das Areas "Castelo de San Carlos. Galicia e a pesca, industria e cultura. Fisterra pescando onde o solpor", Fisterra, 2006.
- Consellería de Cultura e Deporte, Dossier "Fisterra, Patrimonio Europeo", inclúe Formulario de solicitude de inscrición no Programa Patrimonio Europeo, Xunta de Galicia, 2006.
- David Candamo, "Louro paso a paso", escolma de artigos en A Eiroa, Revista da Sociedade Cultural Monte Louro, nº 0 novembro 1989-nº 13 maio 1996.
- Dionísio Pereira, "Patrimonio marítimo galego: un diagnóstico actual", en "Adra", Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego, nº 3, Santiago, 2008.

- Dionísio Pereira, "Os pailebotes no comercio marítimo de cabotaxe na Galicia de hai cen anos", Revista do Náutico de Vigo "Náutico", nº 24, Primavera do 2006, Especial Centenario.
- Dionísio Pereira, "O patrimonio marítimo galego na súa diversidade", en Revista "A Trabe de Ouro", nº 63, Xullo-Setembro 2005, Santiago, 2005.
- Estanislao Fernández de la Cigoña, "Cruces mariñas e de mala morte da costa galega", AGCE, Vigo, 1990.
- Estanislao Fernández de la Cigoña, "Política cemiterial e aforismos dos cemiterios de Galicia, España e Portugal", Revista de Estudios Provinciais, Deputación Provincial de Pontevedra, nº 17, ano 2002, Pontevedra.
- Eugenio Carré Aldao, "Provincia de La Coruña", Tomo III da "Geografía General del Reino de Galicia", Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona, 1932.
- Felipe Senén, "Fisterra, principio e fin", Comunidade Virtual da Costa da Morte, 12/10/2008.
- Fernando Alonso Romero e Manuel Cornide Castro Piñeiro, "Sobre la orientación astronómica de la capilla de San Guillermo (Finisterre, Galicia", Anuario Brigantino, Betanzos, nº 22, 1999.
- Fernando Alonso Romero, "Historias, Leyendas y Creencias del Finisterre", Briga, 2002.
- Fernando Alonso Romero, "Crenzas e tradicións dos pescadores galegos, británicos e bretóns", Consellería de Pesca, Santiago, 1996.
- Francisco de Ramón y Ballesteros, "Oscurantismo finisterrano", Porto y Cía. Editores, Santiago, 1970.
- Francisco de Ramón y Ballesteros, "Sinfonía en Mar Mayor: Finisterre", Porto y Cía. Editores, Santiago, 1976.
- Francisco de Ramón y Ballesteros, "Fantasías y Realidades de la Costa de la Muerte", Akal-Arealonga, Madrid, 1988.
- Francisco Eiroa del Río, "Historia y desarrollo de la pesca de arrastre en Galicia", Deputación de A Coruña, 1997.
- Francisco Esmorís Recamán, "Refraneiro fisterrán", Cuadernos de Estudios Gallegos, nº 42, CSIC, Instituto Padre Sarmiento, Santiago, 1959.
- Francisco Fernández Rei, "O Mar na literatura galega: ondas, ventos, illas, ribeiras e vagallóns", en "Galicia fai dous mil anos. O Feito diferencial galego, Museo do Pobo Galego, Santiago, 2001.
- Francisco X. Fernández Naval, "As Crebas: Economía e Cultura do lixo do mar", relatorio ao Iº Congreso de Cultura Popular e Mariñeira, Corcubión, 2003.
- Francisco X. Fernández Naval e Maribel Longueira, "Muros ronsel de pedra, espiral de mar", Deputación de A Coruña, A Coruña, 2003.
- Jesús A. Sánchez García, "Faros de Galicia", Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2005.
- Jesús Blanco, "Guía das embarcacións tradicionais galegas", Nigratrea, Vigo, 2007.
- José Baña Heim, "Costa de la Muerte. Historia y anecdotario de sus naufragios", A Coruña, 1980.
- José D. Cornide, "Descripción circunstanciada de la costa de Galicia, y raya por donde confina con el inmediato Reino de Portugal", Ed. do Castro, Sada, 1991.

- José Luis Hermo, "Historia de la vela en Noia", Valencia, 2004.
- José Pardo San Gil, "La Marina de Guerra Auxiliar de Euzkadi (1936-39)", Untzi Museoa, Donostia, 1998.
- José Ramón Insua Trava, "O Santo Cristo de Fisterra", Comunidade Virtual da Costa da morte, 27-10-2008.
- José Ramón Insua Trava, "A Ruta Turística dos Fachos de Galicia", Comunidade Virtual da Costa da Morte, 27-10-2008.
- José Ramón Insua Trava, "¿Centolo ou Centulo?", Comunidade Virtual da Costa da Morte, 27-10-2008.
- José Ramón Trava Insua, "Fisterra, Vila Mariñeira Enxebre", Comunidade Virtual da Costa da Morte, 27-10-2008.
- José V. Caruncho e Luis Rei Núñez, "Muros alma mareira", Concello de Muros, 2002.
- Juan Campos Calvo-Sotelo, "Náufragos de antaño. Los grandes naufragios en la Costa de la Muerte en el siglo XIX", Editorial Juventud, Barcelona, 2002.
- Juan Creus, "O litoral, un territorio para vivir", en "Andar ao mar. Actas das II^{as} Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional", Asociación Cultural "Canle" de Lira, 2002.
- Lino J. Pazos, "Guía das ermidas illeiras nas Rías Baixas", Deputación de Pontevedra, Pontevedra, 1999.
- Manuel Caamaño Suárez, "As construcións da arquitectura popular. Patrimonio etnográfico de Galicia", Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos, 2003.
- Manuel M^a y Parga (Picadillo), "La cocina práctica", Imprenta Galí, Santiago, 1981.
- Manuel Silva F. "Fin dos cataláns en Muros e Louro", A Eiroa, Revista da Sociedade Cultural Monte Louro, nº6, setembro 1991, Muros.
- Margarita Novo Malvarez e Jesús M. González Pérez, "Comarca de Muros e Carnota", Concellos de Muros e Carnota, A Coruña, 1999.
- Pedro de Llano, "A arquitectura popular de Galicia (A casa mariñeira. A casa das agras. A casa do viño. As construcións adxectivas)", COAG, Santiago, 1983.
- Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte, Dossier pdf, Recursos pdf, Ruta Cabo Fisterra pdf, e informe actuacións 2^a anualidade 2004, web www.turismocostadamorte.com.
- Ramón de Artaza y Malvárez, "Recuerdos de la muy Noble, muy leal y muy Humanitaria Villa de Muros", Santiago, 1908.
- Rocío Veiga, "Malpica: Os rapetóns de Carrillo", en Revista do V^o Encontro de Embarcacións Tradicionais, Poio, 2001.
- Staffan Mörling, S. "As Embarcacións Tradicionais de Galicia", Consellería de Pesca, Santiago, 1989.
- Xacobeo, "Camiños de Santiago en Galicia. Camiño de Fisterra-Muxía", Dir. Xeral de Turismo, Consellería de Industria e Innovación, Xunta de Galicia
- Xaquín E. Monteagudo Romero, "Toponimia dos lugares de Louro, I, II, III", A Eiroa, Revista da Sociedade Cultural "Monte Louro", nºs 10, 11 e 12, setembro 1993, marzo 1994 e Xaneiro 1995, Muros.

- Xerardo Agrafoxo, "1936. A Guerra Civil en Lousame e Noia. Testemuñas dunha represión", Concello de Lousame, 1995.
- Xoán Xosé Teijeiro Rey, "Seres galegos das augas. Mitoloxía comparada", Editorial Toxosoutos, Noia, 2002.
- Xosé Agrelo Hermo "Derrota e singraduras do *Joaquín Vieta*", Ed. Toxosoutos, Noia, 2005.
- Xosé Fuentes Alende e Dennis-Michel Boell, "Exvotos mariñeiros en Bretaña e Galicia", Ouest France, 1987.
- Xosé M. González Fernández, "Historias de Fisterra. Miscelania da Costa da Morte", RP Edicións, 1990.
- Xosé Manuel Lema Mouzo, "Localizan na Ría de Laxe os restos da fragata inglesa "Adelaide", Comunidade Virtual da Costa da Morte, 15-8-2008.
- Xosé M. Lema Suárez e Manuel Vilar Álvarez, "Por los Faros da Costa da Morte (Galicia)", Santiago, 2003.
- Xesús Santos e Xesús Costa, "Galiza na Guerra Civil. Campos de concentración de Muros, Padrón, Rianxo e A Pobra", Concellos de A Pobra do Caramiñal e Rianxo, 2007.

Outros

- Gran Enciclopedia Gallega
- Rexistro de Buques de Galicia, Consellería de Pesca, Xunta de Galicia, 2006.
- "O Apupo", Especial Buceta, nº4, Marzo 2003, FGCMF, Cambados.

Webgrafía

- "A Cabaceira", revista virtual do Concello de Carnota, nº 9, Xuño 2006.
- Visor Six Pac.
- Blog "Singradura da Relinga", Asociación Cultural "O Xeito", Grupo de Cultura Mariñeira, Esteiro.
- Blog "Homes de Pedra en Barcos de Pau", Manuel Martínez Caamaño, Muros.
- Blog "Cartafol del Patriano", Francisco Abeijón Núñez, Muros.
- www.laxe.net
- www.mardelaxe.com
- www.mardelira.net
- www.turismocostadamorte.com
- www.letrasdelmar.com
- www.quepasanacosta.com
- www.costameiga.com
- www.culturamaritima.org
- www.oxeito.org
- www.elpais.com
- www.elcorreogallego.es
- www.vieiros.com
- www.concellofisterra.com

- www.asteleirostrinanes.com
- www.vivirlapesca.com
- www.buceofinisterre.com
- www.tabernautreia.com
- www.bajoelagua.com
- www.asociacionvalverde.org
- www.xacobeo.es
- www.muros.es
- www.terra.es/personal/fumeiro
- www.manuelgago.or/blog/
- www.concello-cabana.com
- www.louro.org
- www.celtiberia.net
- www.revistanaval.com
- www.xornalgalicia.es

Informadores/as

- José Romaní, Esteiro, Muros.
- Ramón Manuel Bouzas Tobío, Esteiro, Muros.
- Gloria Benita Rodríguez Fernández, Sorribos-Abelleira, Muros.
- Manuel García Sendón, Muros.
- Juan Goday, Louro.
- Cándido Marcelino Caamaño, O Pindo, Carnota.
- Sr. Casais, Porto de Quilmas, Carnota.
- Encarna Otero Cepeda, Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, Consellería de Vivenda e Solo, Xunta de Galicia, Caldebarcos, O Pindo.
- Isidro Mariño Cadarso, Caldebarcos, O Pindo.
- Francisco Manuel López Martínez "Alexandre Nerium", Fisterra.
- Palmira Castro Marcote, Sardiñeiro, Fisterra.
- Antonio Bello Romero, Laxe.
- Confraría de Pescadores de Lira.
- Pablo Carrera López, Museo do Mar de Galicia.